

## Conxuncións e locucións conxuntivas temporais en galego medieval\*

Alexandre Rodríguez Guerra  
*Universidade de Vigo*

### RESUMO

No presente artigo desenvólvese o estudo das oracións subordinadas temporais en galego medieval nunha tripla dirección: (i) caracterización dos esquemas subordinados temporais tendo en conta a estrutura oracional en que se insiren; (ii) aproximación ás conxuncións ou locucións conxuntivas temporais (prototípicas ou non); e (iii) descrición interna da propia oración temporal. Para conseguilo anterior pártese da análise dun corpus representativo constituído por obras do s. XIII ó XV e complétase, de se amosar pertinente, con datos do galego moderno e contemporáneo.

**Palabras chave:** Galego medieval - Subordinación - Temporais - Conxuncións - Locucións conxuntivas

### ABSTRACT

This papers focuses on the study of time subordinate clauses in Medieval Galician, its objective being threefold: (i) the characterisation of time subordinate patterns according to the structure of the sentences in which they are found; (ii) the analysis of time simple and complex conjunctions (either prototypical or not); and (iii) the internal description of time clauses itself. To that end, this investigation is based on

---

Data de aceptación: xuño de 2001.

\* Este traballo xurdiu ó abeiro do proxecto *Os verbos de movemento en galego medieval*, terceira etapa do proxecto *Gramática Histórica Galega* que, financiado pola Xunta de Galicia, dirixe no Instituto da Lingua Galega Xavier Varela Barreiro.

Queremos e debemos agradecerlles a Xavier Varela, Ramón Mariño, M<sup>a</sup> Sol López, Eduardo Moscoso, Bieito Arias, X. M. Gómez, Javier P. Guerra e P. Gordo a axuda de diferente natureza e en distintos momentos e aspectos do traballo, sempre desinteresada, xenerosa e perspicaz.

the analysis of both a representative corpus of 13<sup>th</sup>-to-15<sup>th</sup>-century texts and additional data from modern and contemporary Galician.

**Key words:** Medieval Galician - Subordination - Time expressions - Conjunctions - Complex conjunctions

## INTRODUCCIÓN

As unidades oracionais<sup>1</sup> galegas que tradicionalmente se veñen incluíndo entre os Complementos Circunstanciais (CCIR) de tempo aínda non coñecen un tratamento monográfico. A nosa é unha aproximación á sistematicidade que en galego medieval posuían as estruturas temporais representadas por oracións precedidas por conxunción ou locución conxuntiva. Alén de focaliza-la atención nelas, ó longo desta exposición referireime a outras posibilidades oracionais na expresión dunha circunstancia temporal como son as oracións de infinitivo con preposición, oracións de xerundio, oracións absolutas de participio e construcións temporais non axenciais co verbo *aver*. Isto non quere dicir que o noso obxectivo consista en ofrecer unha catalogación completa de todas e cada unha das posibilidades nexuais temporais en galego medieval. Si se recompilarán exhaustivamente tódalas conxuncións ou locucións conxuntivas centrais na expresión da subordinación temporal pero non faremo-lo propio con aquelas formas que se documentan esporádica ou excepcionalmente. Nas páxinas que seguen tampouco se desenvolve un estudo de fonética histórica dos distintos conectadores temporais pois este é, xustamente, o aspecto mellor tratado nos distintos manuais, gramáticas históricas ou repertorios lexicográficos medievais.

¿Como imos levar a cabo a caracterización do galego neste punto da súa sintaxe medieval? O noso traballo quere conxugar deductivismo e inductivismo e, nese xogo, prestámoslle unha atención especial ó estudio das fontes. Tódolos datos que se refiran ás conxuncións ou locucións conxuntivas temporais no seu número ou na súa variedade, por obras ou por séculos, obtívenos despois de revisar algo máis de oito mil nexos temporais (exactamente para as estatísticas manexei a cifra de 8.378 exemplos). De xeito complementario ofrecerei información sobre os esquemas sintácticos en que se insire a subordinada temporal ou sobre a súa estrutura interna. Neste caso os datos xorden do estudio dun corpus formado por algo máis de cinco mil oracións de galego medieval<sup>2</sup>. Aínda que o número de exemplos estudados por

<sup>1</sup> No que segue enténdase o termo oración, e os seus derivados, como o tipo de unidade sintáctica que ten un verbo como núcleo.

<sup>2</sup> Para unha maior precisión sobre a procedencia destes exemplos cfr. co noso traballo sobre os esquemas causais en galego medieval (2001). A partir de agora referirémonos sempre a este corpus como COGAM (Corpus de Oracións GALEgas Medievais).

obra ou período tentou ser proporcional entre si, sempre hai algunha desviación (na cantidade de exemplos examinados, en números absolutos), de aí que para evitar datos imprecisos ofrezamos sempre comparativas que poñen en relación a proporción que se dá en cada unhas das etapas (ou obras) consideradas.

O obxectivo deste traballo non é analizar na predicación medieval o carácter máis ou menos marxinal (argumental) dos segmentos (oracionais) temporais. Son consciente de que un estudio desas características, que por outra parte considero de obrigada realización, precisa un coñecemento moito maior dos esquemas sintácticos oracionais en galego medieval. Son lagoas que pouco a pouco con traballos específicos e con incursións dende unha perspectiva xeral se deben ir enchendo, engorde pero sen pausa. Non esquezamos, por exemplo, que aínda non dispoñemos nin sequera dun completo dicionario etimolóxico e histórico que dea conta a nivel verbal das funcións sintácticas que son consideradas argumentais nun marco predicativo e que, quer como contorna, quer como xénero próximo ou quer como diferenza específica, deberían manifestarse nas respectivas definicións. De aí que incluíamos nun mesmo grupo, que se caracteriza por vehicular un contido temporal e que denominaremos convencionalmente de 'circunstancialidade', aqueles exemplos que funcionalmente se inclúen entre os CCIR ou, de considera-la súa existencia, entre os que, fóra do grupo anterior, se incorporan ós complementos adverbiais. Tampouco tentaremos opoñer as oracións temporais entre subordinadas substantivas e subordinadas adverbiais. Na gramática galega, sincrónica, de R. Álvarez *et alii* (1986) establécese unha división entre as "cláusulas subordinadas substantivas de complemento circunstancial" (1986: 543) e as "cláusulas subordinadas adverbiais de tempo" (1986: 545-6). Despois de constata-las dificultades para opoñerlas nidiamente entre si (1986: 543 e 546) procúrase precisa-las fronteiras formais entrambas: as primeiras están introducidas por *que* máis preposición ou locución prepositiva, as segundas van precedidas por conxuncións, adverbios e locucións adverbiais ou conxuntivas. Así a todo, e como demostración do difícil que é delimitar perfectamente ámbolos grupos, o nexo *ó que* inclúese nos dous (1986: 543 e 547). Finalmente, para observármola colocación do(s) clítico(s) non só no seo das subordinadas temporais senón das subordinadas en xerais dispoñemos xa do estudio de G. Salvi (1996).

Nas páxinas que seguen céntrome, como xa adiantei, nas oracións que, dentro dos parámetros estándares do funcionalismo, se inclúen entre os CCIR de tempo. Deixamos fóra da análise sistemática, o que non impide que ofrezamos datos xenéricos sobre a distribución dos distintos tipos de unidade que comparten idéntico valor funcional e significativo, outras unidades suboracionais (frases adverbiais, preposicionais ou nominais) que tamén desempeñan esta función. Sintacticamente en todos estes exemplos asumimos que a relación entre a oración temporal e o verbo e/ou a predicación oracional no seu conxunto é a de subordinación (proposta que coincide, entre outros, coa de R. V. Mattos e Silva, 1989: 696 e ss. e a de E. Méndez, 1995: 29-40). Obviamos calquera discusión sobre a asignación categorial, como conxuncións ou pronomes relativos, do membro que nunha locución, neste caso temporal, se

atopa máis á dereita. O grao de cohesión interna axuda a que na maioría dos casos non se poida pensar nun relativo con antecedente. Dende logo as estruturas que facemos foco do noso estudio son aquelas en que nin hai un antecedente explícito nin é posible recuperar un antecedente no contexto.

Paso a deseñar a continuación un breve marco sobre a situación do galego contemporáneo no que se refire ós nexos temporais. Na gramática de R. Álvarez *et alii* recóllense *ó que, de aquí a que, ata que e desde que* como conectadores das “subordinadas substantivas de complemento circunstancial” (1986: 543-4) e, dentro da “subordinación adverbial”, *cando, mentres, namentres, entrementes, en tanto, en canto, entre tanto e mentres tanto* coa simultaneidade, *antes (de) que e antes de + ‘infinitivo conxugado’* para a anterioridade e *despois (de) que, despois de + ‘infinitivo conxugado’* para a posterioridade xeral e *a penas, así que, axiña que, de contado, de seguida que, en canto, logo que, ó que...* para a posterioridade inmediata (1986: 546-8).

X. Lantes Vitureira no capítulo dedicado á “Combinatoria do *que*” establece unha tripla división segundo a estrutura nexual sexa ‘preposición máis completiva’, ‘adverbio máis completiva’ (“termo dun adverbio” para Lantes Vitureira) ou ‘locución conxuntiva máis completiva’ (1993: 266 e 268). No primeiro grupo inclúe as formas *desde que, des que, ata que e deica*; no segundo, o máis numeroso, *mentres que, antes que, axiña que, agora que, despois que, logo que, sempre que e así que*; no terceiro teñen cabida, nunha lista aberta, *despois de que e logo de que; cada vez que* engádense nun dos exemplos propostos.

As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1996<sup>15</sup>: 185-6) ofrecen o seguinte elenco de conxuncións e locucións conxuntivas temporais: *a penas, antes de que, antes que, asemade, así que, ata que, axiña que, cada vez que, cando, cando queira que, de contado que, tan pronto, de seguida que, deica que, dende que, des que, desde que, despois de que, despois que, en tanto, entre tanto, entrementes, inda ben non, logo que, mal, mentres, mentres tanto, namentres, non ben, ó que, (por) en canto, sempre que e tan presto*.

Para Freixeiro Mato o criterio morfolóxico clasifica os nexos conxuntivos en ‘conxuncións (simples)’ (constituídas por unha palabra) e ‘locucións conxuntivas’ ou ‘conxuncións complexas’ (formadas por dúas ou máis palabras) (2000: 579); o criterio sintáctico divide as conxuncións entre coordinativas e subordinativas se, neste segundo caso, subordinan “unhas unidades a outras” (2000: 580).

Entre as conxuncións ou locucións conxuntivas temporais Freixeiro Mato cita (*aínda non ben, aínda ben non, á medida que, apenas, agora que, antes (de) que, así que, até que, axiña que, cada vez que, cando, coa mesma, decontado que, desde que, de seguida que, despois (de) que, en seguida que, entanto, encanto, entretanto, entrementes, logo que, mal, mentres, no momento en que, ao paso que, primeiro que, sempre que, tan axiña como, todas as veces que e unha vez que* (2000: 587)<sup>3</sup>. Páxinas atrás incluíu tamén *conforme, consonte,*

<sup>3</sup> Engade tamén *namentres, deica que, des que, de que, tan logo como e inda ben non* como formas populares ou literarias (2000: 587, nn. 234-238).

*segundo* (proporcionais ou temporais) e *de paso que* (adversativa ou temporal<sup>4</sup>) (2000: 580). Ó tratar das “cláusulas incrustadas adverbiais” Freixeiro Mato ofrece algúns exemplos clasificados segundo o valor de anterioridade (*antes de que* e *denantes de que*), simultaneidade (*cando*) ou posterioridade (*así que*) e engade ademais as “cláusulas de participio indicando anterioridade” e as de “xerundio indicando coincidencia” (2000: 657). Recapitula a información manifestando que as locucións conxuntivas están constituídas esencialmente por preposicións ou adverbios seguidas de *que* (2000: 579).

Sintetizando a situación descritiva para a fase actual do galego, diremos que na gramática de R. Álvarez *et alii* se inclúen catro conxuncións, dez locucións conxuntivas con *que*, seis locucións conxuntivas con outras conxuncións e tres locucións prepositivas. Pola súa banda, Freixeiro Mato retoma practicamente case tódolos nexos anteriores, redistribuíndo graficamente algúns e engadindo outros ata alcanzar once conxuncións, vinteúnha locucións conxuntivas con *que* e catro locucións conxuntivas sen *que* (deixamos fóra do cómputo as formas non estándares que se cualifican como ‘populares ou literarias’). X. Lantes, a pesar de se-lo único que inclúe tanto a fase medieval coma a contemporánea, só ofrece quince nexos temporais, todos eles locucións conxuntivas con *que*<sup>5</sup>. Finalmente, nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* hai seis conxuncións, dezaioito locucións conxuntivas con *que* e nove locucións conxuntivas cun último membro distinto de *que*.

A única información sobre o índice de frecuencias subliña a preferencia da formación de locucións conxuntivas con *que*. O presente traballo permitiranos ver en qué medida a solución conxuntiva temporal actual é reflexo da existente na época medieval e cáles foron as opcións constructivas que, documentándose na etapa de formación do romance galego, non se mantiveron ata a idade contemporánea.

## 1. A SUBORDINACIÓN TEMPORAL EN GALEGO MEDIEVAL

E. Moscoso Mato, transcendendo os lindeiros estrictos do seu traballo, confirma que a porcentaxe de oracións medievais que admiten a inclusión entre as temporais “non chega ó 5% do total” (2000: 189, n. 69). A proporción que xorde de COGAM, aínda que está moi próxima, é algo superior á apuntada polo investigador galego, exactamente o 6,1%; isto é, de cada 100 predicados en galego medieval seis son subordinadas temporais. Agora ben, esta información xenérica precisa algúns datos correctores. Máis que por séculos é interesante comprobar por obras a proporción de oracións temporais en relación ó número de estruturas oracionais globais. Daquela os datos adquiren unha pertinencia especial: a TCX, o LT e as CSM están bastante por riba da media (co 9,9%, 9,6% e o 9,3% respectivamente), outras

<sup>4</sup> A carón de *á medida que*, *ó paso que* e *entre tanto*.

<sup>5</sup> Tras da forma prepositiva *deica* débese agocha-la locución *deica que*.

obras como a CI, a CT ou os MS están por riba da media (co 8,2%, 7,9% e o 7,5% respectivamente), por debaixo da media localízase a HT co 5,3%, a GE co 5,1% e a LP co 4,7% e, moi por debaixo da media está a PN co 2,8%. A media da produción literaria no seu conxunto é do 7,2% e, de segmentarmos esta entre lírica e prosa, o reparto é de 6,6% e 8,5%, respectivamente. En consecuencia, pódese concluír que a produción notarial é moi impermeable ás oracións subordinadas temporais e que a prosa literaria é, en xeral, máis proclive cá poesía a estas estruturas. Con todo, nesta última hai unha diferenza de case cinco puntos a favor das CSM, as máis narrativas, fronte á LP que ocupa, ademais, o penúltimo lugar. Consonte estes datos podemos completa-la información que a propósito dos tempos compostos nas subordinadas temporais deu Moscoso Mato. En efecto, o 28% dos tempos compostos fichados por el na fase medieval do galego aparecen en subordinadas temporais e o propio Moscoso Mato subliña que tanto na LP coma, sobre todo, nos documentos notariais que el analiza esa cifra descende ata o 12% e o 1,5% respectivamente. A redución non é tan acusada ó comprobarmos que é precisamente na LP e na PN onde menos subordinadas temporais hai por número de verbos.

De enfocármolo uso dos tempos compostos dende a óptica das subordinadas temporais observamos que un 12,3% delas presenta algún tempo composto (ben con *aver* 7,5%, ben con *ser* 4,8%). En COGAM temos sempre locucións conxuntivas de posterioridade tanto con *ser* (*de[s]pois que*, *des[ ]que* e *pois que*) coma con *aver* (*pois que*, *de[s]pois que*, *pois*, *des[ ]que*, *logo que*, *tanto que* ou *quando*), neste último caso co esquema verbal ‘*ouve*+ participio’ máis ‘pretérito de indicativo’ na principal<sup>6</sup>.

Os datos precedentes deseñan o reparto das subordinadas temporais pero non de toda a complementación da circunstancialidade temporal. Na produción escrita medieval consultada hai, por suposto, moitas frases que son precisamente CCIR de tempo. Proseguímono percorrido con idéntica perspectiva á oracional e ofrecémoslos resultados de COGAM tendo en conta o número de frases que son CCIR de tempo por cada cen predicados. En primeiro lugar a media é bastante superior á de oracións xa que se sitúa no 10,4%. Por obras os resultados son os seguintes: 14,6% nas CSM, 14,3% na LP, 13,3% na TCX, 11,6% na CI, 11,1% na HT, 10,4% nos MS, 9,9% na CT, 9,7% na GE, 6,8% no LT e, finalmente, 6,2% na PN. Advírtese de contado que, coma no universo oracional, as CSM manteñen un elevado número de frases temporais e a LP practicamente alcanza o nivel do cancionero mariano, dende logo moi por riba do número de oracións temporais (case dez puntos). Outro dato significativo é o aumento (máis do dobre) experimentado pola PN que, aínda así, continúa ocupando o último lugar a algo máis de catro puntos da media.

<sup>6</sup> Non é nada estraño este feito porque tal e como se recolle no traballo de Moscoso Mato o tempo do auxiliar nas subordinadas temporais é no 85,49% o pretérito de indicativo (2000: 248). Así a todo o 14,51% restante coñece no auxiliar ata oito posibilidades temporais distintas (2000: 248).

Centrándonos exclusivamente no ámbito circunstancial oracional, a distribución en toda a fase medieval (ss. XIII-XV) das temporais é segundo COGAM a seguinte: os CCIR de tempo supoñen o 34,5%, os de modo o 24,8%, os de finalidade o 18,5%, os de causa o 14,4%, os de lugar o 3,2% e outros distintos dos anteriores quedan co 4,6%; de non incluírmos finais e causais entre os CCIR o reparto é o seguinte: temporais 51,6%, modais 37,1%, de lugar 4,7% e outros 6,6%. Apréciase de inmediato que son os valores temporais, seguidos a unha distancia relativa dos modais, os que enchen a circunstancialidade oracional nos textos conservados de galego medieval. Enxergando idéntico dato pero coa perspectiva cronolóxica ó fondo, obtémo-lo resultado seguinte:

CADRO 1

		XIII	XIVa	XIVb	XVa	XVb
<b>Temporais</b>	<b>cc1</b> <sup>7</sup>	58,2%	39,2%	50%	64,9%	55,6%
	<b>cc2</b>	38,6%	29,3%	34,8%	37,6%	29,4%
	<b>Fr. cc</b>	30%	23,1%	26,3%	23,5%	27,5%

De reducírmo-los exemplos de circunstanciais oracionais só a tres séculos a distribución dos temporais é para cc1: s. XIII 58,2%, s. XIV 44,5% e s. XV 61,9% e, para cc2: s. XIII 38,6%, s. XIV 32,1% e s. XV 34,8%. Coma noutras oportunidades resulta moi pertinente ve-lo comportamento da PN porque se afasta das medias anteriores ó presentar para cc1 un 32% de CCIR temporais e un 19,2% para cc2. No conxunto da PN os CCIR oracionais de tempo ocupan o terceiro lugar tras dos modais e dos finais. No ámbito oracional en que nos estamos a mover hai catro obras que para cc1 pasan dun 60% de CCIR temporais (CSM, CT, MS e CI), tres que pasan do 50% (LP, TCX e LT) e, finalmente, a HT e a GE que teñen pouco máis do 40% e 30%, respectivamente. En tódalas obras menos nas dúas últimas, en que son avantaxados polos CCIR modais, son os CCIR oracionais temporais os que ocupan o primeiro lugar. Para cc2 hai unha serie de obras (CSM, TCX, CT, LT, MS e CI) que superan o 40% de CCIR temporais, outras como a LP exceden do 30% e, por último, na GE e na HT alcanzan algo máis do 20%, é nesta segunda na que os CCIR finais superan tamén os temporais. Sabido é que, entre outros aspectos, o carácter da obra impón ou pode impoñer unha preferencia polo tipo de CCIR. Así a todo á vista dos datos anteriores cómpre concluír que a expresión da temporalidade dentro da circunstancialidade oracional era realmente importante.

A nivel da frase entre aquelas que desempeñan a función de CCIR en galego medieval hai unha cuarta parte de temporais (valor que ocupa o segundo posto despois das frases de

<sup>7</sup> Enténdase: cc1=CCIR oracional de calquera tipo excluídos os finais e causais; cc2=CCIR oracional incluídos os finais e causais; Fr.cc=CCIR frásico. En calquera caso deixamos fóra do cómputo os esquemas condicionais, consecutivos, concesivos, comparativos e adversativos.

lugar que case supoñen a terceira parte do total). Por séculos as frases temporais representan, no seo dos CCIR, as porcentaxes seguintes: s. XIII 30%, s. XIVa 23,1%, s. XIVb 26,3%, s. XVa 23,5% e s. XVb 27,5%. Porcentaxes que diminúen sensiblemente de illármolos exemplos da PN: s. XIII 11,8%, s. XIV 21,9% e s. XV 19,8% (na PN son tamén as frases de lugar, en tódolos séculos, as que ocupan a posición de privilexio nos CCIR frásicos)<sup>8</sup>. Polo que se refire á preferencia no seo do estado de cousas oracional para a expresión dun valor temporal ben por unha subordinada, ben por unha frase, a proporción ó longo dos distintos séculos subliña a maior presenza das segundas, en concreto: s. XIII 34,9% / 65,1%, s. XIV 39,5% / 60,5% e s. XV 37,4% / 62,6% de oracións / frases.

Xa J. Huber (1986: 301-2) lles dedica un capítulo (§483) ás oracións temporais non conxuntivas, que el denomina “redução de orações temporais”. As cinco posibilidades de que fala responden a distintas combinacións de oracións construídas coas formas nominais do verbo: participio, xerundio e infinitivo. Os datos de COGAM confirman o anterior e, así, a maioría das veces que na oración temporal non figura ningún conectador introductorio estamos diante de formas verbais nominais ou estruturas temporais non axenciais co verbo *aver*. Os participios absolutos, antepostos sistematicamente ó verbo principal, alcanzan practicamente a décima parte do total de circunstanciais temporais pero de xeito desigual pois, mentres no s. XIII case se duplica esta cifra, no s. XV e, sobre todo no XIV, a cantidade queda reducida á metade (1 e 2). Algo máis das tres quintas partes pertencen á PN e, de contarmos unicamente coas subordinadas temporais presentes na PN, as construcións absolutas sitúanse tamén ó redor do 60% (3). Lembremos que o participio absoluto pode ir precedido por nexos como *ata* (4) ou *pois* (39). As subordinadas temporais con xerundio supoñen pouco máis do 5% do total de circunstanciais temporais, pero cunha acusada diferenza entre, aproximadamente, o 1% do s. XIII e o 12% do s. XV (5). A opción xerundial prefire con máis do 90% dos exemplos a anteposición ó verbo principal e en máis do 80% elixe a non marcaxe prepositiva, preposición que, de aparecer, é *en* (6). A escolla entre os circunstanciais temporais de infinitivo precedido de preposición ou locución prepositiva é excepcional e minoritaria en relación ás formas nominais precedentes (7). Finalmente, e sempre segundo os datos de COGAM, algo menos do 1% dos CCIR temporais recorre a construcións non axenciais co verbo *aver* (8 e 9):

- (1)-(9) *Esto dito*, tolleu-xe-lle d’ ant’ a ffaz. (CSM 82: 54); *Et morto Renamiro* soçedeu eno reino Ordonio, seu fillo. (CI 48: 10-1); *Et dada a todos a dita resposta e acabados de leer os ditos capítulos*, disso que a esto respondía todo o que auía dito (VFD 250: 7-9, 1385); *Et*, por que se compra *ata acabados os feytos et a uida deste rrey dō*

<sup>8</sup> A preferencia por frases ou oracións máis ca co valor temporal dáse co locativo (95,6% / 4,4%) co modal (61,6% / 38,4%), co final (3,8% / 96,2%) ou con outros valores coma os de cantidade ou compañía que prefiren a manifestación no ámbito frásico.

*Fernando*, en cuia razón o arcebispo dō Rrodrigo leixa a estoria, (et) diz [o] que a sigue así: (TCX 820: 19-21); Et en todo esto, *rrey dō Affonso estando en Leom*, vñe[u]lle mādado dñu conde, que auja nume Layrō, que xe lle alçara en Allaua (TCX 28: 18-9); E caeu ben do mais alto; e *en caendo* chamou ll a Virgen Santa Maria, que o mui toste livrou: (CSM 249: 26-7); e quando *ao trosquiar das ovellas* vñe a vella demandar a sua (CSM 147: 2); en ũu mesq̃o [...] ll si que en carret' andava *mais de quinz' anos avia*. (CSM 333: 12-3); A [*cinque*] *ãnos* se começou a vijnda dos gregos sobre Troya para a destroyr (HT 9: 17-8)

Nas páxinas que seguen tentaremos ver, primeiro, cáles son as posibilidades reais de subordinadas temporais en galego medieval, segundo, cá é a distribución entre esas posibilidades constructivas -incluído o parámetro cronolóxico- e, terceiro, qué características posuía o emprego de cada unha. Como mostra pode observarse o paralelismo das seguintes oracións tiradas das CSM: dun total de 33 exemplos estruturalmente idénticos, cunha referencia temporal de posterioridade delimitativa, hai unha (des) proporción evidente no conector temporal elixido: *quando* 52%, *pois* 21%, *des quando* 9%, *des que* 9%, *logo que* 3%, *pois que* 3% e *tanto que* 3%:

- (10)-(16) *Quand'* est' ouve dito, cuidou-ss' ir sen falla; (CSM 9: 54); e *pois* aquest' ouve dito, foi-s' a Benaventurada. (CSM 75: 146); *Pois que* ll' aqueste ouve dito ll foi-ss' a mui Santa Reynna; (CSM 132: 117-8); *Tanto que* est' ouve dito, foi de seu corpo tolleito (CSM 163: 11); *Logo que* est' ouve dito, foi de todo mui ben são, (CSM 163: 26); *Des quand'* aquest' ouve dito, são do leito s'ergeu, (CSM 269: 51); *Des que* aquest' ouve dito, log' ante toda a gente ll sobiu encima da pena, (CSM 341: 54-5)

## 2. OS CONECTADORES TEMPORAIS EN GALEGO MEDIEVAL

J. Huber (1986: 268) enumera as seguintes conxuncións subordinativas como introductoras de oracións adverbiais temporais: *ante que*, *ata(a) que*, *ata quando*, *atam toste que*, *cada que* = *cada vez que*, *depois que*, *des quando*, *des quant' á que*, *des que*, *du* (=d'u), *em quanto*, *en quant'*, *enton u*, *entrementes que*, *mentre*, *quando*, *que=depois que*, *tanto que*, *u*, *du* (d'u) sen máis especificacións. Máis adiante, no capítulo dedicado ás oracións adverbiais temporais repite os nexos citados anteriormente engadindo, ademais da tradución ó portugués moderno nalgúns casos, as formas *despois que*, *em mentres*, *entanto como*, *logo como*, *logo que*, *mentre que*, *pois*, *pois que* e *tanto* – *quanto* (J. Huber 1986: 299). O mesmo autor realiza un comentario xeral sobre a distribución do modo, indicativo ou subxuntivo, que pode presenta-la temporal (1986: 299-300):

Nas oracións temporais encontra-se o indicativo sempre que se trate de factos, realidades. Contudo, se na base da oración temporal estiver nitidamente expresa una possibilidade ou un desexo, una manifestación da vontade, ou se a acción da oración temporal só se realizar após esse momento, entón o verbo vem no conxuntivo.

M. Ferreiro lembra a pouca cantidade de conxuncións subordinantes latinas “para alén de *cando* e *como* [...] [que] sobreviven en galego-portugués” (1995: 366), á parte, claro está, de que “a conxunción subordinativa por excelencia é *que*” (1995: 366). O filólogo galego engade en §245d que “no galego moderno a nómína de conxuncións é moi ampla, xa que numerosos adverbios e preposicións poden funcionar como tais” (1995: 367), e entre as que ofrece están as temporais *desque* e *até que*. Engádesse tamén a medieval *cada que* ‘cada vez que’ (1995: 366, n. 494).

Pescudando entre as conxuncións que V. García de Diego inclúe na súa gramática histórica galega localizámo-las seguintes temporais: *u, du, cando, logo, desde, daque (de que), pois, depois, mentres, namentras, en canto, o pronto que, hastra que, despois que, logo que, deica que, cada que* e *des quando* (1909: 153-4). Delas soamente *u, du, pois, depois, cada que* e *des quando* veñen identificadas como formas medievais, ben a través da marcaxe como formas ‘antigas’ (coa primeira, segunda e cuarta), ben documentando ese valor nas cantigas medievais (coas demais).

C. de Azevedo Maia é moi selectiva á hora de incorporar no capítulo correspondente conxuncións ou locucións conxuntivas de calquera tipo. Entre as temporais están: *cada que, en quanto (enquanto, em quanto), mentre (mêtre), mentre que (mêtre que), entramête (entramente)* e *em mête (em mêtre)* (1986: 873-6).

R. V. Mattos e Silva no seu completo estudio lingüístico dos *Diálogos de São Gregório* dedícalles un capítulo independente ás subordinadas temporais. Afirmar a autora brasileira que as conxuncións ou locucións conxuntivas temporais son as máis variadas de toda a subordinación circunstancial e comenta e exemplifica abundantemente cos seguintes nexos: *quando, pois, pois que, de(s)pois que, ante que, dementre, dementres, enquanto, sol que, logo que, cada que, ata que, hu* e *onde* (1989: 243, 246 e 700-1).

R. Lorenzo (1995: 677) fornece unha lista de conxuncións temporais con algúns comentarios e indicacións cronolóxicas e fonéticas. As conxuncións ou locucións conxuntivas que recolle son *cando (quando), quando quer que, dementre que, mentre (mentres), mentre que (mentres que), enmentre, enmentre que (ementre que), encanto (enquanto), ante que, depois que (despois que), pois que, tal ora como, tanto que, así como, como, desde, ata que (atra que, ta que, atees que), cada que* e *sempre que*. En total, sen conta-las variantes, seis conxuncións e trece locucións conxuntivas temporais, das cales só dúas non acoden para a súa formación á conxunción *que*. O número de conxuncións temporais case duplica o de modais, que nos listados deste autor ocupan o segundo lugar con dez, das que seis son locucións, e duplica o de adversativas que con nove (cinco son locucións) se sitúan en terceiro lugar.

Soamente coa intención de establecer unha posible comparación entre a fase medieval e o s. XVII acadimos á edición da HS. Nela J. A. Souto Cabo (1996: 473-8) recompila, agrupadas por valores, tódalas conxuncións e locucións conxuntivas. Recolle en total oito temporais, cifra que as sitúa en primeiro lugar distanciadas das modais que ocupan o segundo lugar con cinco.

¿De que criterios podemos botar man para clasifica-las conxuncións temporais do galego medieval? V. García de Diego (1909), J. Huber (1986), M. Ferreiro (1995) e C. de Azevedo Maia (1986) limítanse a recompilar, con ou sen comentarios, unha conxunción ou locución conxuntiva tras outra. R. V. Mattos e Silva (1989) acode ó criterio da frecuencia para debullar sistematicamente os distintos nexos temporais. R. Lorenzo (1995) selecciona as formas conxuntivas máis frecuentes e ordénaas segundo o parámetro semántico de tempo ó que se asocian. Para o castelán medieval E. Méndez na súa exhaustiva monografía (1995: 47-8) mestura, xerarquicamente, un criterio morfolóxico (que divide os nexos temporais en sintéticos e analíticos) e a continuación, cos primeiros, a especificidade semántica temporal (con resposta en positivo e negativo) e a maior ou menor habitualidade na introducción de subordinadas e, cos segundos, o carácter máis ou menos gramaticalizado da locución.

Nas páxinas que seguen presentarei estruturadamente os distintos nexos temporais baseándome nunha clasificación morfolóxica, ó xeito da aplicada por X. Varela Barreiro (1999) ás locucións prepositivas galegas tamén medievais.

Non é este o lugar para trata-lo problema teórico que subxace á identificación discreta dunha locución conxuntiva. Na liña do mencionado X. Varela para as locucións prepositivas (1999: 546) cremos que os resultados a que chegamos despois da revisión directa dos textos, indirecta a través dos glosarios medievais galegos e despois de manexa-lo corpus de COGAM son importantes dabondo e xustificanse en si mesmos. E isto con independencia de que as posicións teóricas de inicio comprometan unha ou outra interpretación dos feitos lingüísticos. Entendo por conxunción ou locución conxuntiva (composta neste segundo caso polo menos por dúas palabras) aquela unidade relacional significativa invariante que introduce necesariamente unha unidade sintáctica con núcleo verbal posibilitando que o estado de cousas oracional estableza unha relación hipotáctica ou paratáctica. Un dos principais problemas do ámbito 'locucional', coma noutros aspectos da lingüística galega ou da lingüística xeral, sitúase na consideración das palabras que conforman o complexo como un bloque lexicalizado, gramaticalizado, inanalizable ou non segmentable internamente, e que introduce conxuntamente a oración que segue. Así a todo as locucións conxuntivas, por oposición ás prepositivas que tamén admiten distintos graos de cohesión, posúen menos variacións formais ó non xogar coa base substantival ou adxectivoal tal e como fan aquelas.

Este criterio morfolóxico permite distinguir entre conxuncións e locucións conxuntivas nun primeiro plano e, nun segundo nivel, posibilita clasifica-las segundas polo elemento conxuntivo de base e segundo a natureza pronominal, preposicional ou adverbial dos segmentos introdutores das mesmas. A clasificación dos conectadores temporais en galego medieval, establecida nestes termos, queda como segue:

- Conxuncións: *quando, pois, mentres[s], como, u e tro / trões.*
- Locucións conxuntivas:
  - Con *que*:
    - Adverbio+*que*: *de[s]pois que, pois que, ante que, tanto que e logo que.*
    - Preposición+adverbio+*que*: *entre/ontre tanto que / en tanto que.*
    - Preposición+*que*: *ata que, trões que e des[ ]que.*
    - Cuantificador+*que*: *cada que.*
    - Conxunción+*que*: *mentres[s] que.*
  - Con *quando*:
    - Preposición+*quando*: *ata quando e des quando.*
  - Con *como*:
    - Adverbio+*como*: *así como e logo como.*
  - Con *u*:
    - Preposición+*u*: *tra u, trões u, des u e du / d'u.*
    - Adverbio+*u*: *logo u.*
    - Cuantificador+*u*: *cada u.*
  - Outras:
    - Preposición+adverbio: *en[ ]quanto.*

Desenvolvemos a continuación todos e cada un dos conectadores incluídos na clasificación anterior. Pero antes de o facer quero traer da man de M<sup>a</sup> Xesús Bello a seguinte reflexión a propósito das obras galegas medievais en prosa que son tradución, sobre todo, do castelán: “no momento de estudar un aspecto lingüístico calquera debe estar presente sen excepcións o escrito na lingua orixinaria” (1998: 60). Concordamos coa filóloga galega sobre todo porque, á vista dos datos que ela mesma ofrece, tirados da TCX, queda demostrado que o copista galego “optaba por unha serie de mecanismos [...] a través dos que conseguía imprimir de ‘galeguidade’ ou, cando menos, de ‘novidade’ o seu texto”, mecanismos que se ían “repetindo case sen excepcións” (1998: 61). Os poucos momentos en que esta actitude do copista muda cara a un maior respecto do orixinal coinciden cun maior relaxamento e un aumento nos fallos na copia consecuencia clara para M<sup>a</sup> X. Bello dun “estado de desconcentración do traductor” (1998: 61). No desenvolvemento polo miúdo que esta autora realiza dos principais cambios entre o orixinal castelán e a versión galega (da TCX) os referidos a conxuncións afectan practicamente sempre á copulativa *et*. Non me centrarei sistematicamente na miña exposición nos aspectos relacionados coa tradución por exceder, con moito, as posibilidades deste artigo, pero si farei un seguimento exhaustivo daqueles casos especialmente relevantes (cfr. *pois*).

## 2.1. Conxuncións

Á vista do esquema precedente pódense entender as afirmacións de que, a efectos de variabilidade léxica, o conector simple é, de cara ás opcións analíticas, certamente minoritario. Non en van as cinco conxuncións representan un 15% do total de posibilidades combinatorias diferentes entre os distintos nexos. Agora ben, unha cousa é que en galego medieval existan poucas conxuncións temporais e outra ben distinta é que estas teñan pouca produtividade. De feito, se avaliámo-lo total de oracións temporais que van precedidas por conxunción e non por algunha das múltiples opcións locucionais, obtemos que a media da etapa medieval para o uso das conxuncións simples é do 55,6% das temporais, que se distribúe por séculos do seguinte xeito: o 70,1% no s. XIII, o 48,2% no s. XIV e o 38,6% no s. XV. Como se pode apreciar entre o s. XIII e o XV houbo unha redución de case o 50% dos conectadores simples fronte ós complexos. Coidamos que unha liña evolutiva descendente tan marcada non se pode explicar só en termos de produción lírica fronte a produción narrativa. Tampouco nos podemos limitar a lembrar a tendencia que dende o latín vulgar facía prima-las estruturas analíticas por riba das sintéticas. Será a exposición que fagamos nas páxinas que seguen as que nos dea a explicación deste perda tan acusada. Adianto xa o seguinte dato: no s. XIII *quando* representa o 46,9% dos conectadores temporais simples, no s. XIV supón o 94% e no s. XV o 92%<sup>9</sup>. En consecuencia, a principal causa da diminución estatística xustifícase pola evolución que sufriron os nexos simples que ó lado de *quando* vehiculaban a expresión da temporalidade.

### *QUANDO*

É a conxunción temporal prototípica en galego xa dende o s. XIII. Este feito non pasou desapercibido entre os investigadores e algúns deles subliñaron que estamos diante do nexo temporal máis habitual na fase medieval galega ou portuguesa (cfr. R. V. Mattos e Silva 1989: 701). En tódolos cortes cronolóxicos ocupa o primeiro lugar dos nexos temporais situando a media do seu emprego entre os séculos XIII e XV no 40,2%. Así a todo hai certa fluctuación entre, por exemplo o 32,8% do s. XIII (a dez puntos do segundo, *pois*), o 35,5% rexistrado no s. XV, e o 45,3% do s. XIV, a moita distancia, case catro veces máis, do segundo, *de[s]pois que*. Segundo COGAM na prosa notarial *quando* comparte a segunda praza asemade con *cada que* pero moi afastados do primeiro: os participios absolutos. A continuidade é a característica que preside a evolución de *quando* do latín ó romance galego. É a conxunción temporal menos marcada que, situándose no terreo da simultaneidade non delimitadora, admite unha ampla gama de combinacións temporais verbais, léxicas e aspectuais que ademais de non restrinxir-las seus contextos de uso chega a alcanzar, a través da combinatoria, valores de posterioridade.

<sup>9</sup> A proporción de *quando* en relación ó total de exemplos temporais do s. XIII ó XV oscila relativamente.

Xa R. Lorenzo (1995: 677) chama a atención sobre a preferencia polo verbo en indicativo e, naqueles casos en que a referencia temporal da subordinada é futura, o galego medieval prefere o futuro de subxuntivo. Segundo os datos de COGAM no verbo da temporal o indicativo rexístrase no 90% dos exemplos. A décima parte queda reservada, pois, para o subxuntivo e, dentro deste, o tempo elixido na maioría das ocasións é o futuro, as catro quintas partes (17 a 21), aínda que tamén non hai nada que impida que apareza outro tempo como o imperfecto (22). Pódese apreciar nos exemplos que o tempo do verbo na principal admite un amplo abano de posibilidades:

- (17)-(22) e, *quand(o)* ña d' ela[s] quiser cousir || ou lho alguen ousar dizer, guarir || poderia per non ss' en queixar. (LP 8-5); e quero-mh-ante mha coita 'ndurar || ca lhi dizer, *quando* a vir, pesar. (LP 11-1); τ proueerdef ao moordomo de comer como est huuffo da terra, *quando* uos for ao lagar (HGP 149: 14, 1312); Et *quando* Leomedón, rrey de Troya, oýr estas nouas [...] sseyrá a uós cõ quantos touer (CT 219: 15-6); mais casarei *quand'* o vir guisado. (LP 6-7); et em sua camara prometeu lle el que casaria cõ ella *quando* o deus ajudase a aquel feyto a que ya, (HT 20: 16-7)

De tódalas temporais co verbo en indicativo non hai en COGAM nin un só exemplo de subxuntivo na principal. O 90% elixiron o pretérito e o resto repártense entre copretérito, presente e antepretérito, a este correspóndelle na principal tamén antepretérito (23). Cos exemplos de copretérito localizamos na principal quer copretérito, quer pretérito (24 a 26). Hai algún caso con presente de indicativo (27). De 28 a 34 exemplifícase o paralelismo no tempo de pretérito na principal e mais na subordinada e 35 e 36 posúen copretéritos na principal e pretéritos na temporal:

- (23)-(36) mais diserõlle que adoeçera *quando* oyra que seu padre era enperador. (MS 40: 11-2); et *quando* os deytaua do Pareyso doulles hñas pelicas feytas de pelellos de gááandos mortos que foram vuyos. (GE 7: 35-7); O demo, *quand'* entendia || esto, con pavor fugia; (CSM 11: 72-3); et *quando* avyam afazer seus sacrificios enviaua Deus fogo do çeo que ençendese osacrifício de Abel et nõ ho enviaua ao de Caym. (GE 11: 33-4); Pero ei gran sabor de lle falar, || *quando* a vejo, por lle non pesar, || non ll' ei a dizer ren || de com' eu poderia led' andar. (LP 11-5); Ben me cuidei eu, Maria Garcia, || en outro dia, *quando* vos fodi, || que me non partiss' eu de vós assi || como me parti já, mão vazia, (LP 2-8); Mas, *quando* moveu de Roma por passar alen, || leyxou seu irmão e fez y gran seu prazer. (CSM 5: 23-4); *Quãdo* aquello oyo o traedor de Fernã Laynes, caualgou en hũu potro brauo sen sella. (TCX 275: 20-1); Agora diz o conto que os gregos ouuerõ grã pesar, *quando* lles Ércoles et Jaasón contarõ a grã desonra et o gran pesar que lles auja feyto el rrey Leomedón de Troya, (CT 215: 1-2); *Quando* o señor do castelo esto oi, non soubo que fezesse, (LT 103: 2); Et *quando* o enperador esto soubo diso: (MS 56: 7); Et *quando* el rey se sentio enpoçonado parteuse para Leon (CI 58: 5-6); mays *quando*

chegarō jazia Caym en passamēto, (GE 22: 2-3); Et, *quando* lo outorgarō et o hergerō por rey et o alçarō ãna sella, conplia a essa sazom xiiij anos de ydade, (TCX 24: 15-6)

O emprego do tempo composto na subordinada posibilita, mercé á amplitude significativa temporal de *quando*, unha lectura de posterioridade:

- (37) *Quand'* est' ouve dito, quis en el dar salto, ll dizendo: "Matemo-lo ora, irmãos." (CSM 9: 98-9)

### *Pois*

Son dúas as hipóteses básicas que tentan explica-la posibilidade conxuntiva temporal de *pois*. J. Herman (1963: 258 e ss.) cre que no caso da parella *pois / pois que*, debido ó seu uso temperán nos romances, hai un mantemento da propia alternancia latina entre *post* ou *postea / post quod* ou *postquam*. Elena Méndez, baseándose no carácter esporádico, só no s. XIII, que en castelán medieval presenta *pois* como conxunción temporal, opina que non hai que pensar nunha evolución directa dende o latín senón nunha tendencia, documentada xa en latín, pero tamén tipicamente romance, pola cal "un elemento empleado sistemáticamente en una determinada locución [neste caso *pois que*] es susceptible de aparecer él solo [isto é, *pois*], en contadas ocasiones, asumindo idéntica función conjuntiva que la locución" (1995: 89-90). Coido que para o caso galego tanto a abundancia de exemplos de *pois* como conxunción temporal no s. XIII, coma o desequilibrio que presenta ó seu favor coa locución *pois que* (no mencionado s. XIII por cada catro exemplos de *pois* conxunción temporal hai, aproximadamente, un de *pois que*) son argumentos sólidos que apoian a tese de J. Herman.

O 92% dos exemplos desta conxunción temporal localiceinos no s. XIII, os demais casos documenteinos no século seguinte (7,2%) e os poucos exemplos que quedan ata completa-lo 100% só os rexistrei na primeira metade do s. XV pero non na segunda metade. Este conector que supón no s. XIII o 22,3% dos nexos temporais (situándose en segundo lugar a dez puntos de *quando* e tamén a case dez puntos do terceiro, *u*), reduce drasticamente a súa presenza ata quedar reducido o seu uso a pouco máis dun 1% tanto no s. XIV coma no XV.

A pesar da rendibilidade temporal de *pois* no s. XIII este valor está por detrás do causal (con dúas de cada cinco aparicións aproximadamente), pero esta relación non é paralela nas dúas grandes fontes líricas deste século. Así, mentres na LP a tendencia é a prima-lo valor causal (nas dúas terceiras partes dos exemplos) nas CSM, polo contrario, son as temporais as que predominan con case as tres cuartas partes dos rexistros. No s. XIV pouco máis da cuarta parte dos casos de *pois* posúe valor temporal fronte ó causal<sup>10</sup>. Na CI non hai ningún exem-

<sup>10</sup> R. V. Mattos e Silva de 250 documentacións de *pois* nos *Diálogos de São Gregório* (s. XIV) as catro quintas partes son temporais e só unha cuarta parte é causal (1989: 700 e 702).

plo e nos MS entre as poucas oracións con *pois* como nexos priman os causais (75%) por riba dos temporais (25%) e a proporción entre *pois / pois que* conxuncións temporais é de 3,3% / 96,7% respectivamente. No TA localízanse ata cinco oracións temporais coa conxunción *pois* (sempre en futuro de subxuntivo), que nunca é causal e que, na comparativa con *pois que* tamén temporal, introduce só un 15,6% (o resto presenta *pois que*):

(38) et *pois* o Cauallo for ben enfreado deuen vusar a correr con el (TA nº 240, 396: 20-1)

Vou examinar un pouco máis polo miúdo a proporción dos valores temporal ou causal de *pois* nas obras estudadas do s. XIV:

CADRO 2

	POIS	
	Temporal	Causal
TCX	12,5%	87,5%
GE	25%	75%
CT	33,1%	66,9%
HT	13,3%	86,7%
LT	42,9%	57,1%

O significado orixinario de *pois* era o temporal e o causal, con independencia da explicación con que se xustifique o paso dun a outro, hai que situalo nunha fase posterior ou, polo menos, máis innovadora. Sen perdermos de vista estas coordenadas acabamos de ver que as CSM son a única obra en que o valor temporal está por riba, moi por riba, do causal. Pero, xa contemporaneamente e empregando idéntico vehículo expresivo, o resultado da LP é moi semellante non ás obras da primeira metade do s. XIV, como cabería agardar, senón á CT e ó LT da segunda metade dese século. Mentres, a HT, tamén da segunda metade do s. XIV, aseméllase máis á situación das grandes obras prosaicas precedentes ca á súa, en principio homónima, CT (non esquezamos que a tradición manuscrita a que remonta a HT, aínda sendo tamén probablemente tradución do castelán, non coincide coa da CT). Nestes parámetros podemos engadir outro dato relativo á proporción que nas obras do s. XIV supoñen entre as temporais os exemplos de *pois*: 0,2% na TCX, 0,4% na HT e mais na GE, 3,3% na CT e, finalmente, 11,1% no LT. Á parte do interese innegable que ofrece esta última obra, a marxe de erro é demasiado grande (a cantidade de texto conservado é realmente cativa e nela, por exemplo, soamente contabilizamos 27 conectadores temporais) e non permite tirar conclusións definitivas extrapolables á súa totalidade. Así a todo, se ben penso que as cifras do LT son, no fragmento conservado, demasiado favorables ó valor temporal de *pois*, non é menos certo que sospeito que a súa proporción real (no LT ó completo) se debe situar a carón da CT e nunca por debaixo desta última obra<sup>11</sup>.

<sup>11</sup> M<sup>a</sup> Sol López Martínez (1991: 135) compara as edicións da CT, TCX e GE galegas e mais castelás a propósito dos usos xerais (concordantes) de preposición *a* co CDIR. Os resultados son claros: é a TCX a que afasta máis

Arestora é o momento de lembrarmos un dato do castelán medieval importante pero contradictorio: R. Eberenz indica de *pois* (*que*) que “La función temporal de posterioridad de este nexu subordinante se documenta sólo hasta fines del siglo XIII” (1982: 366); E. Méndez concorda coa apreciación anterior ó comentar de *pois* temporal que en castelán medieval “no sobrepasa la decena de casos documentados” e que “Sólo está atestiguado en este sentido en el s. XIII” (1995: 90). A propósito da *General Estoria* de Alfonso X, GEc (obra incluída na análise de E. Méndez 1995), cómpre sinala-lo indicado por M. Mosteiro sobre o sentido temporal de *pois* xa que este chega “a ser relativamente frecuente en la *General Estoria*” (1999: 175)<sup>12</sup>. Diante desta aparente (?) contradicción dos resultados destes dous filólogos (R. Eberenz non inclúe entre os textos analizados a *General Estoria*, aínda que si está na súa base documental a *Primera Crónica General de España*) caberían dúas vías explicativas diferentes para a GE galega (GEg):

a) De ser certa a información de E. Méndez cobraría sentido a hipótese de que, ó non existir no texto orixinal usos temporais de *pois*, se condicionase unha menor presenza tamén na tradución galega, pero non tanto como para provoca-la súa desaparición absoluta, porque, ó existir na lingua do traductor esta opción constructiva, este actualizaría, aínda que fose minoritariamente, esa posibilidade.

b) De estar no certo M. Mosteiro a situación da GEg diverxería á hora de asignarlle un oco importante no panorama conxuntivo temporal á forma *pois*: o traductor afastaríase do orixinal rexeitando en ocasións, ¿non sempre? a forma obxecto de tradución.

M. Mosteiro, entre outros, ofrece 14 exemplos de *pois* temporal na GEc (1999: 175, n. 25). Revisando esas oracións descóbrese que, efectivamente, posúen valor temporal, pero o que non está tan claro é que en todos eses exemplos *pois* sexa conxunción e non adverbio. En consecuencia hai que concluír que, sen chegar á proporción ofrecida por M. Mosteiro e modificando a inexistencia apuntada por E. Méndez, a GEc presenta casos de *pois* como conector temporal (só o levantamento sistemático de tódolos exemplos temporais fornecería unha porcentaxe real do seu emprego).

A GEg no que se refire a este segmento da temporalidade oracional ofrece os seguintes datos: de contarmos illadamente coas formas conxuntivas temporais *pois*, *pois que* e *despois que* nesta obra vemos que a proporción relativa entre elas é, respectivamente, do 1,7%, do 6,9% e do 91,4%. Por tres exemplos inequívocos de *pois* conxunción temporal hai nove causais. Non conto, ademais do adverbio de tempo *pois*, aqueles casos, cinco, de *pois* enfático.

---

a versión galega da castelá con 32,7 puntos de diferenza no (non-)uso prepositivo a favor do castelán; a separación coa CT é de 8,8 puntos e, finalmente, está a GE con 8,4 puntos, sempre a favor do castelán. Por suposto cómpre toma-los datos precedentes nunha dirección: o maior afastamento, polo menos neste punto da gramática, entre a copia galega e o orixinal castelán da TCX e a maior proximidade da CT e, sobre todo, da GE.

<sup>12</sup> Reelaborando a información de M. Mosteiro obtemos que nesta obra o valor temporal de *pois* fronte ó causal supón, como pouco, un 87,5%.

A pesar de que se descoñeza o orixinal castelán que serviu de copia para a GEg (cfr. R. Lorenzo 1993b: 291-2) quixen confronta-las formas galegas coas presentes na GEc<sup>13</sup>. Os resultados son os seguintes: dos tres *pois* temporais na GEg soamente hai na GEc un *pues* (que precisamente é o exemplo 39) os outros conectadores son *pues que*; os nove exemplos causais na GEg corresponden na GEc a catro *pues que*, catro *pues* e un *quando*; os cinco casos de *pois* enfático mantéñense na GEc como *pues*. Semella, daquela, que o único contexto en que hai un paralelismo nido é con *pois* enfático, nos demais a discordancia é a característica esencial. É interesante lembrar que o exemplo 39 non posúe estrictamente sentido de posterioridade porque introduce unha construción de participio absoluto co significado de anterioridade inmediata (cfr. Martínez García 1990: 603). Comprobei tamén, nos tres casos en que foi posible, cál era a forma que presentaba a GEg nos exemplos de *pois* temporal ofrecidos por M. Mosteiro da GEc. Dous deles, que responden ó esquema *pues andados...*, non contan na GEg con ningún nexo introductor (manteñen só o participio absoluto) e o terceiro figura na GEg como *despoys que*. Fixemos unha sondaxe similar na CT galega e, despois de revisarmos once *pois* conectadores temporais, todos eles figuran na versión castelá como *pues*: nesta oportunidade o traductor galego respectou, xa que logo, a forma empregada no orixinal.

A sistemática das obras galegas dos séculos XIII e XIV parece existir: vacilación de usos temporais e causais de *pois* (permitida polo sistema), cunha clara tendencia que vai eliminando progresiva pero implacablemente o primeiro dos sentidos que, aínda documentado na primeira metade do s. XV, xa se debía sentir como estraño.

Veño de adiantar que son cinco os exemplos que localicei na GE de *pois* fático, fático porque a única función que desempeñan é a de enlazar co discurso anterior. Esta introdución dos usos fáticos de *pois* coincide e hai que poñelo, precisamente, en relación, co debilitamento de *pois* no uso temporal (40 e 41) (cfr. Martínez García 1990):

- (39)-(41) *Poys* andados çincoeenta et dous ños de Abraã, et çento et noveeta et tres do rreynado de Assiria, [...] morreo arreyna Semyrramis; (GE 164: 32-4); Et disolle Jacob: “*Poys* jura me quea vendas.” (GE 273: 19); Et Ysáac nõ sabendo do engano dissolle: “*Poys* dame de comer da tua caça et bendizerte ey.” (GE 281: 23-4)

Outros exemplos de *pois* fático, con algún caso xa dende o s. XIII, son os seguintes<sup>14</sup>:

<sup>13</sup> Alfonso X (1930): *General Estoria*. Ed. de A. G. Solalinde. Madrid: CEH.

<sup>14</sup> Continúase documentando xa no s. XVI:

(42) *Pois* respondeyme, Pelayo, || ¿Por que tray a camisa || Vestida en riba do sayo? (Antonio Cortijo Ocaña: “Entremés da ‘Comedia de la sortija’: texto”, *Estudios Galegos*, www.vieiros.com, 29-V-2001)

- (43)-(47) Se o sabedes, dizede verdade. || *-Pois*, Don Vaasc', un pouco m' ascoitade: || os que mal fazen e dizen son mil: (LP 152-7); e el respondeu-lle: "Esto vos non farei eu". || "*Pois* jajüade." "Non posso." (CSM 155: 23-4); Et disso Almãçor: *-Poys* dizeruolo ey eu: Rroy Valasquez me enuia dizer que te escabeçe. (TCX 185: 33-4); Et el rrey disse [que] queria. *-Poys* uay, espertao et, se teuer baua, dorme; se nõ nõ. (TCX 371: 19-20); *-Pois* señor -disseron eles-, ¿u queredes ir? (LT 92: 9)

Maioritario o indicativo na subordinada, preferiblemente en pretérito, correspóndese na principal tamén practicamente sempre con pretérito de indicativo:

- (48)-(52) *Pois* souberon sen mentir || o por que ela carpia, || foron log' o forn' abrir || en que o moço jazia, (CSM 4: 79-82); e *pois* ||' eu dixeu a coita e o pesar || que por ela soffro, e o mui gran mal, || foi sañuda e catou-me en desden; (LP 14-7); *Poys* esto todo foy feyto, tornárõsse ha Atēnas, (CT 285: 6); viu sair das tendas ñu cavaleiro armado sobre ñu dos cavalos [...] e, *pois* foi guisado de justar, diso a Lançarote (LT 99: 10-2); Et *poys* el fez sua oraçõ, Santiago que se nõ nega aos que o demandã cõ boo coraçõ [...] apareceu ontre el et os ymigos que depos el y[ã] corredo. (MS 195-6: 15-6 e 1)

O uso do subxuntivo na subordinada, minoritario en relación ó indicativo, concéntrase na súa forma futura, coa principal en presente ou futuro de indicativo:

- (53)-(56) Ca sei, de pran, *pois* m' eu partir', || que mi-averrá, per bõa fé: (LP 6-10); e pero sei que, *poys* d' ant' ela for, || non lh' ei a dizer ren || de com' oj' eu averia sabor. (LP 11-5); E *pois* eu vir, senhor, o gran pesar || de que sey ben que ei mort' a prender, || con mui gram coyta averey a dizer: (LP 3-7); E *poys* souberem qual coyta soffri || por vós, senhor, muyto mi pesará, (LP 3-7)

### *MENTRE[S]*

O romance *mentre[s]* é herdeiro das formas latinas *dum+interim*, respectivamente conxunción temporal de simultaneidade (total ou parcial) e adverbio, tamén temporal, que pode aparecer correlativamente na principal na simultaneidade parcial (cfr. Bassols, 1987, II: 340-1). O proceso de conversión desta posibilidade analítica nunha conxunción romance sintética debeu ser antigo<sup>15</sup>, anterior á aparición de testemuños de galego escrito (cfr. Herman 1963: 208-9 e Dardel 1983: 81-2). As primeiras documentacións galegas no s. XIII manteñen, pois, este uso como conectador. Polo anterior, sumado á relativa abundancia das mesmas e sobre todo ó alleo que resulta a utilización de *mentre[s]* como adverbio -ou como preposición- no

<sup>15</sup> Outra proba desta antigüidade témola en que en galego xa non documentámo-la variante *\*domentre* e si *dementre*, minoritaria, formada por anoxía con outras palabras que comezan por *de-*, ou *mentre* (cfr. R. Lorenzo TCX, vol. II, s. v. *dementre que*).

período medieval<sup>16</sup>, creo que é máis que xustificable a inclusión desta forma entre as conxuncións e de *mentre[s]* que entre las locucións conxuntivas (cfr. máis adiante).

Este conectador temporal documéntase ó longo de todo o período medieval pero con sorte dispar. Así, entre o s. XIII e o s. XIV rexístranse o 96,8% das temporais introducidas por esta conxunción (37,6% e 59,2% respectivamente) e unicamente o 3,2% aparece no s. XV. No seo da temporalidade as oracións con *mentre[s]* supoñen no s. XIII un 1,5%, idéntica proporción á do s. XIV e porcentaxe que diminúe no s. XV ata o 0,8%. Os exemplos no s. XV son, en consecuencia, moi poucos e só os documentei na primeira metade dese século. Na PN representa un 3% das oracións temporais. Aínda non a terceira parte dos exemplos posúe o verbo da temporal en indicativo, presente ou imperfecto, que se corresponde na principal con presente de subxuntivo ou perfecto de indicativo, respectivamente:

(58)-(59) Por Deus, ai amigas, *mentr'* al non fazemos || so aqueste ramo frofido bailemos, (LP 14-5); Et *mētre* os labrauã, sonou por toda a terra de Greçia cōmo faziã navios para yr Jaason a a ysla de Colcas (HT 18: 35-7)

O 60% dos exemplos con subxuntivo presentan futuro de subxuntivo que se corresponde na principal con futuro de indicativo (67%) ou imperativo (33%):

(60)-(61) e *mentr'* ela catar' || alhur, catarei ela logu' enton. (LP 3-4); et todo efto nos daredes per nofo moordomo ao qual proueeredes de comer τ de beber *mētre* cōuofco coller os froytos do dicto cafar. (HGP 162: 15-6, 1360)

Os outros tempos de subxuntivo que documentei en COGAM son o presente ou o imperfecto que teñen na principal, respectivamente, futuro de indicativo e condicional:

(62)-(63) et, se o assý fezermos, senpre ja mays seremos rricos *mētre* uiuamos, (CT 218: 17); per quanto el a mi avia jurado || que, *mentr'* atan pastor fosse com' é, || que non casaria, per boa fé; (LP 6-7)

Polo que se refire á presenza do -s final R. Lorenzo sinala que a variante *mentres* (*que*) xa se documenta nos s. XIII-XIV pero “ocasionalmente” (1995: 677). A última documentación da variante *mentre* de que teño constancia é da HS pero dela di J. A. Souto (1996: 477): “registamos um caso de *mentre* -problemático- que traduz a forma *mientras* da CE, não é pois possível certificar-nos sobre a existência real desta última variante”; si se emprega no s. XV:

<sup>16</sup> M<sup>a</sup> Jesús Martín González (1996) entre os dez adverbios temporais da PN que estudia non se refire en ningún momento ó adverbio *mentre*. Cousa diferente é, por exemplo, o que acontece coa HS xa que de tres exemplos de *mentres* a terceira parte (un) son adverbios:

(57) e o cabaleyro foe a ela e *mentraf*, o frācef -que sanou- le ãpreñõ ùha filla chamada Joana Cherinof de Aldao. (HS 145: 8-10)

- (64) et ti[na] cada hũu deles hũa espada nua ãna mão destra, [...] *mentre* os outros dormiã.  
(MS 135: 6-9)

### COMO

A forma do latín clásico *quōmōdo*, que posuía no período arcaico un valor esencialmente de interrogativo-exclamativo, é no latín clásico unha conxunción modal (cfr. Bassols, 1987, II: 298) que pouco a pouco vai incorporando outros valores como o comparativo (xa en Cicerón) e, máis tardiamente, o final, o causal ou o temporal (cfr. Ernout e Thomas 1972: 356). O contido temporal xorde en latín tardío a partir do comparativo para Herman (1963: 58). O herdeiro galego, a través do latinovulgar *como*, *quomo*, presenta en galego medieval uns nidos valores modais e comparativos, pero non ocorre o mesmo co temporal (nin tampouco co causal, cfr. A. Rodríguez Guerra, 2001). Non só non alcanza en ningún período da fase medieval unha porcentaxe significativa como nexo temporal senón que a súa introdución é serodia. O primeiro dos poucos exemplos recollidos en COGAM sitúase na primeira metade do s. XIV<sup>17</sup> e, no século seguinte, advírtese que o valor temporal de *como* perde o carácter de excepcionalidade, aínda que non abandona o de ocasionalidade, porque unha revisión exhaustiva de varias obras do s. XV descobre que en tres delas (TA, MS e CI) hai sempre polo menos un exemplo de *como* temporal (en LN non se documenta).

Poden ser varios os factores que coaduxeron a esta reincorporación do valor temporal, non creo xustificable neste caso falar de permanencia dende o latín vulgar ata o galego medieval. Entre eles está, en primeiro lugar, a tendencia latinizante por imitación do chamado *cum* histórico (Herman 1963: 168), en segundo lugar está a propia explicación que desvía do valor comparativo o temporal, e tamén é probable que -relacionado co anterior- haxa que deriva-lo *como* temporal dalgunha forma locucional conxuntiva do tipo *así como* que, esta si, aparece inequivocamente con valor temporal no s. XIV, excepcionalmente xa no s. XIII, pero non, precisamente, no s. XV. Non esquezamos tampouco que tanto o contexto coma o estado de cousas en que se insire e que configura a temporal son esenciais para facilitar esta lectura da conxunción.

Dende logo o significado temporal supón unha porcentaxe mínima entre os valores típicos deste nexo, segundo os meus datos para todo o período medieval non alcanza o 0,5%. Unicamente hai unha obra excepcional neste sentido: CI. Nela case un 8% dos *como* son

<sup>17</sup> Non revisei un a un tódolos exemplos de *como* do s. XIII (aínda que si fixen unha cala importante de exemplos, glosarios incluídos) pero, se houber algún *como* exclusivamente temporal, este sempre sería un exemplo esporádico (por debaixo do 1%).

Si localicei algún exemplo de *como* completivo, (67), que co verbo *lembrar* introduce o CDIR. No seo da subordinada este nexo, que non desempeña ningunha función sintáctica, si conserva o seu contido referencial que nesta oportunidade pode cualificarse como modo-temporal:

(65) Quando vej' esta cinta que por seu amor cingo, ll e me nembra, fremosa, *como* falou commigo. (LP 25-31)

temporais. A cifra anterior, non moi elevada en números absolutos, en termos comparativos é moi significativa porque multiplica por dez a porcentaxe habitual das outras obras consultadas do mesmo s. XV.

Existe unha coincidencia total no tempo empregado en todos eles: perfecto de indicativo tanto na subordinada coma na principal:

- (66)-(69) E Lançarote, *como* o derribou, tanto o catou como se o nunca visse; (LT 100: 4-5); Et *cōmo* os veu, foyos logo feryr, (CT 221: 5); Et Moño Salido, *comō* lle esto ouue dicto, foyse para os jnfantes, dando vozes (TCX 193: 9-10); et *cōmo* foy noyte, meteu se dentro ño tēplo de Apolonys (HT 280:10-1)

O único exemplo claro dos MS é (71)<sup>18</sup>, e no TA soamente localicei un *como* temporal (en correlación con *quando*) (72) e, por último, na CI hai, polo menos, tres exemplos:

- (71)-(74) Et Calrros *comō* oyo esto cō sua caualaria, volueu outra vegada para conquerir a Espana outra vez (MS 85: 6-7); It Remedyo contra a door do sobre oso[.] *Como* se começa a faser o sobre oso da carne de calo por rrason do osso qe foy ferido quando aqel caalo uires nas coixas do cauallo a correrlle as llogo en esta gisa (TA n° 244, 16:10-3); Et el rey, *como* espertou, chamou os arçobispos et bispos et caballeiros que con él estauan (CI 56: 3); Et *como* chegou, foy esleito kalendas Julli, era de mill et çento et triinta et oito anos, por toda a clerizía (CI 76: 13-5)

O feito de documentar máis exemplos no s. XV, na CI, non afecta exclusivamente á vertente cuantitativa, tamén nesta altura localizamos unha posibilidade constructiva estraña tanto en galego coma noutros romances peninsulares (cfr. para o castelán medieval con Mosteiro Louzao 1999: 206-7, n. 36 e E. Méndez 1995: 104), obsérvese que a presenza do verbo en subxuntivo modaliza automaticamente a interpretación de *como* que lle engade ó valor temporal o causal:

- (75) Et *como* el rey Renamiro oíse todas estas cousas ajuntou toda sua compañía et proposo de viinr a Santiago en romaría. (CI 61: 13-4)

<sup>18</sup> No orixinal manuscrito non hai ningunha pausa no interior do fragmento que reproducimos. Coido que a coma que introduce o editor despois de *caualaria*, facendo depender esta frase preposicional de *oyo* e non de *volueu* -subliñando daquela (in)directamente máis o valor modal de *comō* có temporal-, hai que adiantala porque no contexto, a través do cal xa sabemos que *Calrros* está fóra (*en França*), o importante é que *Calrros* regresou coa súa cabalería que foi o que lle permitiu conquistar novamente España. Tamén nos MS podemos ve-lo exemplo seguinte de coordinación entre *como* e *cando* no que conservan cada un o seu valor prototípico modal e temporal respectivamente:

(70) Deuemos saber et fazer a saber aos amigos de Deus *comō* et *quando* Santa Maria foy leuada aos çeos, (MS 221: 3-4)

J. A. Souto Cabo (1996) documenta varios exemplos de *como* temporal na HS. Ó viren todos na *Primera crónica general de España* interpretáos como mantemento da forma do orixinal “peño qual supomos tal significación alheia à língua do autor” (1996: 477). Por moito que a sospeita de J. A. Souto poida ser fundada non a podemos compartir plenamente dende o momento en que xa no s. XIV, e sobre todo no s. XV, documentamos idéntica conxunción temporal e, porque ademais, no texto da HS non é un exemplo illado senón que aparece polo menos en catro ocasións (o que non quere dicir que na lingua do autor non posuíse un trazo marcadamente cultista ou arcaizante):

- (76) E, *como* o fouuo, Geriō foeffe com fus hueftes para aquel logar do foe poboada la çidad da Cruña. (HS 58: 13-5)

### U

Xa V. García de Diego (1909: 153) inclúe *u<übī* entre as conxuncións temporais cun valor equivalente a ‘cando’ e ofrece un exemplo do seu uso (77). J. Huber (1986: 301) proporciona dous exemplos de *u*=‘cando’, ambos do cancionero lírico profano do s. XIII. *Übī* xa no propio latín transcendía o ámbito locativo (adverbio, adverbio-relativo ou interrogativo) e alcanzaba o temporal, de feito L. Rubio e T. González din que “Juntamente con *cum*, *ubi* es la conjunción temporal por excelencia en el período clásico” (1988: 209), cun significado equivalente a ‘cando’. Bassols de Climent (1987, II: 343) pola súa banda indica que *ubi* (canda *ut*) con valor temporal se empregou máis no período arcaico ca no clásico<sup>19</sup>, época esta en que se prefería *cum*. Así a todo E. Méndez García (1995: 107-8), que constata a existencia no propio latín vulgar da evolución no significado dalgunha conxunción simple do valor de ‘lugar’ ó de ‘coincidencia temporal’, non cre que a semellanza neste punto do castelán medieval sexa unha continuidade directa da fase anterior, senón que máis ben para ela a orixe está na proximidade osmótica que en tódalas linguas existe entre a expresión dos valores espaciais e os temporais.

Sexa como for o certo é que, como xa adianta García de Diego ó engadir a carón de *u* “ant.” e “pero generalmente adverbio de lugar” (1909: 153, n. 1), *u* é maioritariamente local xa que, segundo os nosos datos, o valor espacial de *u* se sitúa ó redor das tres quintas partes no total do período medieval. De termos en conta só os exemplos do s. XIII (que concentran bastante máis do 90% das documentacións medievais) o valor espacial, en relación ó temporal, unicamente baixa un punto. Nesta oportunidade non hai diferencias acusadas entre as CSM e a LP.

<sup>19</sup> Escritores deste período como Salustio ou do seguinte como Livio empregan o *ubi* temporal pero só cunha acepción iterativa.

- (77)-(81) Mas deu-ll' en conorte ll de noit' *u* durmia ll a mui Graciosa, ll dizendo: (CSM 195: 32-5); *U* a voz começastes, entendi ben que non era de Deus aquel son, (LP 18-20); E poren quero começar ll como foy saudada ll de Gabriel, *u* lle chamar ll foy: "Ben aventurada ll Virgen, de Deus amada, (CSM 1: 13-7); E *u* ll' a alma saya, ll log' o demo a prenda ll e con muy grand' alegría ll foi pola pōer ll no fog' irado; (CSM 11: 36-40); Comendador, *hu* m' eu quytey ll de vós e vus encomendey ll a mha molher, perquant' eu sey ll que lhi vós fezeistes d' amor, ll tendades vós, comendador, ll comendad' ò demo mayor! (LP 147-5)

Obsérvese o exemplo seguinte en que se combina no mesmo verso un primeiro *u* temporal e un segundo locativo:

- (82) *U* m' eu partí d' *u* m' eu partí, ll logu' eu partí aquestes meus ll olhos de veer, e, par Deus, ll quanto ben avia perdí; (LP 70-49)

En xeral os contados exemplos dun *u* permeable á lectura temporal que localizamos no s. XIV (pouco máis do 5%<sup>20</sup>) sono sempre tamén á locativa<sup>21</sup>. Isto só se pode interpretar en termos de especialización de *u* no valor locativo, tendencia que xa se advertía no s. XIII e se alcanzou plenamente no século seguinte (non rexistrei ningún exemplo no s. XV). Ademais, *u* como conxunción temporal situábase na órbita da simultaneidade (no s. XIII alcanza a cuarta parte da expresión deste contido), entrando en competencia directa con *quando* que, como xa vimos, enchía perfectamente este campo temporal.

- (86)-(87) Et estes *hu* andauã ãnos lauores et por los montes cõ os gáándos pararõ mentes aas eruas et áás aruores, (GE 90: 12-3); mais *u* viu os outros cavaleiros juntados e guisados de o ferir e a lle fazeren mal se podessen, el, que de ren non nos temia, leixouse correr a eles (LT 100: 5-7)

### TRO / TRÕES

Unicamente localizamos dous exemplos de subordinada temporal nas CSM introducida por *tro* e *trões*. Procedente segundo J. Herman dun esquema do tipo *inter+hoc+(quod)* (1963: 237) e que R. Lorenzo inclúe entre as variantes significativas de *ata* (non esquezámo-lo paralelismo entre *ata-atra-tra* e *tro-trões*) enche un oco significativo coincidente co de *ata*

<sup>20</sup> Dos datos ofrecidos por Mattos e Silva para os *Diálogos de S. Gregório* só o 3% dos *u* son temporais (1989: 243).

<sup>21</sup> É o que ocorre, por exemplo, no caso seguinte:

(83) Mays Leomedón castigaua ben os seus, et mãdualles que os ferissen moy ben *hu* cõ elles topassen. (CT 222: 12-3)

que, a pesar da proximidade con (86) semella paralelo a (87) (topar 'con alguén' + complemento locativo):

(84) Et quando *topauã*, sobeiament fazã boas caualarías, (CT 620: 30)

(85) ca alý *hũ* forõ *topar* cõ os troyãos, (CT 349: 1-2)

*que* do cal non chega a ser nin sequera un competidor serio nas CSM (na relación entre eles *tro / trões* só introducen un 5% das oracións)<sup>22</sup>:

- (89)-(90) Mais pois que ss' ar[r]epentiu ll a monja e se partiu ll do cavaleiro mui cedo, ll nunca comeu nen dormyu, ll *tro* o mōesteiro viu. (CSM 94: 73-7); Desta guisa come morta ll jouve tolleita sen sen, ll *trões* o convent' a porta ll britou; (CSM 59: 82-5)

## 2.2. Locucións conxuntivas

Como se puido apreciar no esquema deseñado páxinas atrás, son as locucións conxuntivas temporais construídas con *que* as que amosan unha maior rendibilidade á hora de conformar novas unidades analíticas no terreo dos conectadores temporais. Incluímos daquela un total de 15 locucións conxuntivas con *que* na marxe da dereita. Porcentualmente isto supón que o 45,4% das marcas nexuais temporais en galego medieval optan por esta estrutura. Se ben é verdade que, como posibilidade teórica, a lingua ofrece tamén un elevado número de opcións analíticas que non contan no seu interior con *que* (39,4%). Pero esta é máis unha opción *in absentia* ca *in praesentia* porque, de sumármolos exemplos que se documentan ó longo do período medieval nun ou noutro grupo, o resultado non pode ser máis nidio: 39,9% das locucións con *que* por un 4,5% das locucións sen este elemento. Todas as conxuncións de tempo en galego medieval coñecen algunha manifestación locucional.

### 2.2.1. Con *que*

A proporción anterior non se pode illar da consecución en latín vulgar pola cal *que* se converteu nunha especie de 'conxunción universal'. Tanto para J. Herman coma para R. de Dardel este *que* das locucións galegas ou romances en xeral amosa un carácter claramente conxuntivo que, respectivamente, deriva da ampliación que en latín vulgar actuou nos contextos temporais sobre o *quod* latino (J. Herman 1963: 124 e ss.), ou do subordinante temporal *KEI* do cal xorden no período do "Románico Común Tardío" as distintas locucións temporais (Dardel 1983: 82-3). E. Méndez (1990) fai un repaso da adscrición categorial, e consecuentemente de asignación funcional, que a tradición gramatical realizou do *que* das locucións temporais. Despois de confirmar que nas locucións prepositivas todo o mundo coincide en subliña-la súa natureza conxuntiva (E. Méndez 1990: 672), expón criticamente os argumentos para incluílo entre os relativos ou entre as conxuncións. Coincidimos con esta autora ó concluí-lo devandito traballo subliñando que "las formaciones temporales Adverbio+*que* son ante todo una unidad funcional: subordinantes compuestos" (1990: 679).

<sup>22</sup> Tamén se pode identificar algún exemplo en *que*, sempre nas CSM, funciona como preposición:

(88) *que* viver-me leixou ll *trões* aquí, (CSM 417: 22-3)

**DE[s]POIS QUE**

Estamos diante dunha locución conxuntiva bastante productiva que, a pesar de se documentar no s. XIII, non é verdadeiramente rendible ata o século seguinte. Dende un 1% de temporais introducidas por este nexos no s. XIII pasamos a un 12% no s. XIV e a un 9,6% no s. XV. A media da etapa medieval é do 7,8%. Na PN supón un 3%. Na CI só se documenta un exemplo de *despois que* (pero exemplo que é significativo porque nesta obra non hai casos de oracións temporais con *pois* ou *pois que*).

Segundo os datos de COGAM só o 12% presenta subxuntivo no verbo da temporal, que vén en imperfecto (67%) ou futuro (33%), e que ten na principal condicional co primeiro e futuro de indicativo co segundo:

(91)-(92) *mays deploys que* da froyta daquela aruore comese que se tornaria mortal; (GE 6: 28-9); et que-ben creyan e eran çertos que tal era él que *despois que* os él uise que os emendaría e corregería e non querría consentir que esto se pasasse. (VFD 249: 30-2, 1385)

Do resto das formas en indicativo, máis do 90% veñen en pretérito, simple ou composto, (95 a 99), que tamén rexistran practicamente sempre na principal pretérito. Xorde algún exemplo con equivalencia temporal entre os dous verbos en copretérito (100) ou mesmo de discordancia con pretérito na temporal e copretérito de indicativo na principal (101):

(93)-(101) Andei, senhor, Leon e Castela || *despois que* m' eu d' esta terra quitei, (LP 63-14); e *despois que* o na forca ante seus ollos poseron, || el acomendou-ll' a alma aa Sennor de bondade. (CSM 175: 42-3); Et dizê alguñs que *despoys que* Adam foy morto que se tornou Caym a terra de Ebrom cõ sua moller (GE 33: 27-8); *Depoys que* el rrey Peleus ouuo sua razõ acabada, leuãtousse Ércoles en pe et disso assý: (CT 218: 26-7); Et *despoys que* lle contarõ toda a rrazõ, falarõ el et Telemeo et Peleo [...] sobre este feyto (HT 13: 22-4); *Depois que* Lançarot foi partido de seus compañeiros, cavalgou por la montaña (LT 97: 2-3); Et *despois que* foy morto o enperador Vespasiano, fezerõ este seu fillo Tito enperador, (MS 45: 4-5); et *despois que* era ñna agoa fazia en ela moy gr[ã]de aluoroço et moy grãdes tēpestades (MS 57: 3-5); Das poblas de Noe que fazia *despoys que* vio aterra descuberta das agoas. (GE 43: 1-2)

J. A. Souto Cabo (1996: 476) subliña que na HS (lombremos, obra de comezos do s. XVII) soamente se localiza a forma *despois que*, nel non se documenta a variante con preposición *de* (*despois de que*). No CGR de Sarmiento unicamente hai un exemplo desta locución temporal na súa forma apositiva (102). A primeira documentación que conseguín atopar de *despois de que* é de Curros Enríquez (un único exemplo por ningún de *despois que*):

- (102)-(103) Ja vistes tamèn ll o que fan os nenos ll *despois que* laparon ll as centolas presto: (CGR 998, p. 279); I esto ben s'adiviña ll (dicía-m'á rapaza do relato) ll porque, *despois de qu'* a levou o gato ll é cand'el vai en busca da sardiña. (*Aires d'a miña terra*, "A Virxe do Cristal", 1886, p. 24)

A locución prepositiva *despois de* xa se documenta dende o s. XIII, sempre introducindo unha frase. O primeiro exemplo que atopamos de '*despois de*+infinitivo' é da CI:

- (104) et *despois de* comer declarou ao abbade a causa de sua ida a Roma. (CI 81: 1-3)

En Rosalía de Castro, por exemplo, as únicas documentacións que detectamos son de *despois que*:

- (105) *despois qu'*o tiven comido, ll volvín de novo a rezar; ll e *despois qu'*houben rezado, ll puxen a roupa a secar, (*Follas novas*, "¡Calade!", 1880, p. 170)

Rexistrei un exemplo na HT de *despois des que*, moi infrecuente, no interior dunha antítese adversativa introducida por *mais*<sup>23</sup>:

- (107) Eneas ficou y per seu mādado ata que as naues fosem gisadas mays *depoys des que* fosem afretadas, que se fosem logo de aquela terra (HT 338: 8-10)

*De[s]pois* especialízase xa no s. XIII como adverbio de tempo. De feito, sumando tódolos exemplos de *de[s]pois* e *mais de de[s]pois que*, a proporción no uso dun e doutro é de catro do primeiro por cada un do segundo.

### **POIS QUE**

Este nexo conxuntivo rexístrase como temporal nos tres séculos medievais cunha proporción, entre os nexos temporais, que vai do 5,7% no s. XIII ó 9,3% do XIV e o 11,5% no s. XV. No s. XIII advírtese unha preferencia do valor causal de *pois que* por riba do temporal (aproximadamente as dúas cuartas partes son temporais). Así a todo convén facer unha precisión porque de estudiamos separadamente os exemplos da LP e das CSM os resultados diverxen entre elas: mentres na LP os *pois que* temporais están moi por baixo dos causais (aproximadamente a cuarta parte) nas CSM, contrariamente, son case as dúas terceiras partes

<sup>23</sup> No texto paralelo da CT descóbrese que aquí a locución conxuntiva de que se bota man é *despois que*:

(106) Eneas ficou y per seu mandado ata que as naues fosem gisadas. Mays, *despois que* fosem afretadas, que se fose logo daquela terra cōmo deytado. (CT 684)

Así a todo sempre existe a posibilidade de que no exemplo da HT, de existir unha pausa entre os dous membros iniciais desta posible locución temporal, a segmentación funcional sexa "Mays depoy, des que fosem afretadas, que se fosem logo ...".

as que posúen o valor temporal. Quizais aquí cobre sentido lembra-lo carácter máis narrativo das CSM e que provoca unha maior presenza de contextos do tipo exemplos do (10) ó (16) e, probablemente para evitar repeticións abusivas -estructuralmente idénticas-, aprovéitase e recórrese ó valor temporal de *pois que*. Esta locución conxuntiva na GE ofrece por primeira vez no s. XIV unha menor porcentaxe de exemplos con valor temporal (38,7%) ca causal (61,3%)<sup>24</sup>, na CT o 89% dos *pois que* son temporais e na TCX a cifra sitúase no 73,4%.

Non podemos perder de vista cál foi o percorrido medieval seguido pola locución conxuntiva causal *pois que* nunha dobre dirección: preferencia por outras conxuncións ou locucións conxuntivas causais (as oracións causais con *pois que* nunca chegaron ó 5%) e regresión co paso dos séculos desa preferencia xa en por si cativa (cfr. A. Rodríguez Guerra, 2001). Nese mesmo traballo adiantei que no TA as vintecinco oracións con *pois que* son temporais e nos MS este último valor alcanza case o 90% das ocorrencias de *pois que* (cfr. co visto para *pois*). O reparto nesta obra de *pois que* / *despois que* temporais é de 44,6% / 55,4% respectivamente. No TA *pois que*, sempre locución temporal, atópase nunha relación -favorable para el- de tres a un con *despois que* (tamén sempre temporal). Non hai na CI exemplos de *pois que* temporais, nin tampouco os hai na HS nin en CGR (sempre con valor causal pero, como temporal, xa foi substituído por *despois que*).

Co verbo da temporal maioritariamente en indicativo (sempre en perfecto) hai un 12% de futuros de subxuntivo. Con este último o tempo do verbo da principal é, quer futuro de indicativo (67%), quer presente de indicativo (33%) e, co perfecto na subordinada -simple ou composto-, sempre hai perfecto na principal excepto algún caso con condicional:

(108)-(113) e, *pois que* m' end' eu for' ll d' aqueste mundo, [...] quererrei-me d' el riir! (LP 7-10); et *pois que* o el vir, tornarme ey cõ el. (MS 54: 6); A santa dona, *pois que* ss' espertou, non sentiü null' afan ll nen fame, come se senpr' ouvesse comudo carn' e pan; (CSM 5: 131-2); Et *poys que* conplio XX anos que o catiuara [et o] teuera catiuo en priiom soltoo et enviouo solto para sua cassa, (TCX 25: 7-8); Et *poys que* elles y forõ ajuntados, [...] começoulles el rrey sua rrazõ en tal gisa (CT 234: 9-10); Et *pois que* ouve sua rromaria acabada, entrouse ao rrey no de Portugal, (MS 12: 3-4)

#### ANTE QUE

Alén dun uso pouco importante deste nexo temporal no s. XIII, que o sitúa no 2,2%, no s. XIV supón o 6,7% das temporais e no s. XV o 5,3%. Na PN alcanza un 3% do total. Co verbo da subordinada sempre en subxuntivo hai unha quinta parte de presentes e o resto de copretéritos. Aqueles posúen na principal presente de indicativo, de subxuntivo e futuro de indicativo (distribuídos por igual); estes teñen unha maior variabilidade que vai dos pretéri-

<sup>24</sup> O mesmo ocorre no LT porque só hai un exemplo de *poys que* e é causal, pero aínda que sintomático, un único exemplo non nos permite concluír nada en firme.

tos ós copretéritos, pasando polo presente, antepretérito, imperativo ou mesmo infinitivo. A obrigatoriedade no emprego do subxuntivo fixo que J. Huber (1986: 299) fixese unha excepción con esta locución conxuntiva ó se-la única que, despois de a mencionar, vai seguida dunha indicación sobre o modo con que se constrúe, que neste caso é o subxuntivo. Idéntica información fornece R. Lorenzo (1995: 677). J. A. Souto Cabo (1996: 476) manifesta que na HS, o mesmo que ocorría con *despois que*, só se documenta a variante sen preposición *de* (*antes que*). En Sarmiento só rexistrei a forma sen preposición, en Rosalía a proporción é favorable á variante sen preposición nunha relación de 5 a 2; en Curros Enríquez só atopei un exemplo (*antes de que*) e en E. Pondal tódolos exemplos son de *antes que*.

- (114)-(121) e, *ante que* lh' eu esto rogasse, ll chorou tan muit' e tan de coraçõn ll que chorei eu con doo d' el enton. (LP 44-7); "Voss' irmão guarra; ll mas *ante que* eu en el faça ren, seus pecados dirá ll ant' o Apostolig' e ante vos, como os feitos á." (CSM 13: 166-8); Monte de Ramo, estando con meu sisso e con meu entendemento, e *ante que* acabasse o ano que entrey ena dita Ordem, [...] dou em presente de mia liure voentade a Dom frey Gunçaluo [...] por herdamento pera senpre jamays o terço de todos los bees que eu agora ey (VFD 78: 7-18, 1327); Et aquel Theant que avia outra filla mayor que fezera *ante que* cõ a Reyña Nepne casase (HT 15: 40-1); Et *ante que* a vila fose çercada, fui demostrado por lo Spiritu Santo aos santos et aos cristiãos que morauã en Iherusalem, que se fosen d'y par hũu (MS 37: 13-5); et diz sobre estas palauras, queo omẽ *ante que* daquela froyta comese daquela aruore que nõ era mortal nõ poderia morrer, que atal o fezera Deus; (GE 6: 24-6); -*Ante que* tu aqui vieses o dixes por XL dias. (MS 40: 3); Et acordarõ de sse yr todos armar *ante que* uẽesse o día. (CT 220: 3-4)

### TANTO QUE

Nunca supuxo este conectador unha elevada porcentaxe dentro da temporalidade galega medieval. Así, no s. XIII representa o 1,4%, no s. XIV o 1,1% e no s. XV, novamente, o 1,4%:

- (122)-(126) *Tanto que* lh' eu este cantar oí, ll logo lh' eu foy na cima da razon ll por que foy feyt', e ben sey por que non; (LP 70-23); ca eu nõ dulto que, *tãto que* el aia meu mãdado, que logo nõ ueña. (CT 572: 5-6); Et, *tanto que* el rrey foy sãao, chegou a Carrõ et mãdou que lidassem. (TCX 635: 13); *Tanto que* oiron o son do corno, entenderon que os seus cavaleiros avian d'aver justa ou batalla (LT 99: 4-5); et *tãto que* foy manãa poso ãno os fillos et foyse por seu camiño. (MS 182-183: 14 e 1)

Excepcionalmente documentei a forma *atanto que*:

- (127) Outro día gran manñãa, *atanto que* a luz viu, ll a abadessa sse levou e a monja con ela. (CSM 285: 60-1)

En ocasións na principal introdúcese o adverbio *logo* correlativo de *tanto que* anteposto ou posposto. A relación na LP é de 11 a 8 (a favor da non introducción de *logo*) e nas CSM a relación é de 19 a 3 a favor tamén da non introducción do adverbio na principal:

- (128)-(129) Ca Deus de tal coraçõn é ll que, *tanto que* sabe que ten ll eno seu mui gran coit' alguen, ll que *logo* lli consello pon; (LP 43-12); foi-o ela *logo* matar poren, ll *tanto que* el en seu poder entrou; (LP 63-1)

Este conectador na CT equivale no 97% dos exemplos a 'ó que, no momento en que', pero hai un exemplo en que equivale a 'ata que' (130). No TA unicamente hai un e na CI hai outro (10% dos *en tanto que* que son na práctica totalidade consecutivos, valor herdado do latín e do que se deriva o temporal):

- (130)-(132) Et esto durou *tãto que* chegou ora de uéspera, et começõu de anoyteçer. (CT 375: 3); et *tanto qe* lla llançares tapalle o cuu con esta estopa (TA n° 241, 457: 14-5); et escripuiron ao Papa que noito lle plazía esleer ao dito don Diego; ca ben o conosçían a vida et os costumes dél, *en tanto que* él viesse de corte de Roma, que o esleerían. (CI 76: 5-10)

### *LOGO QUE*

Documéntase xa dende o s. XIII nas CSM (non así na LP), século en que supón o 0,6% das temporais, aumenta relativamente o seu emprego no s. XIV ata o 1,9% e no s. XV rexistrou unicamente nos MS (1,6% do total das temporais neste século).

- (133)-(136) Et, *logo que* comecarõ a lidar, sayrõ os que iaziã na çiada et acorrerõ a seu rey Mahomat. (TCX 18: 15-6); mays esto nõ foy *logo que* Abel morreo. (GE 23: 27-8); mays, *logo que* sse uirõ todos ãnos chãos, de ánbaslas partes sse leixarõ correr a ssey moy brauos. (CT 427: 13-4); *Logo que* foy manãa comẽdarõ Josep et Santa Maria a Deus, (MS 219: 18)

Ou con repetición de *logo* na principal:

- (137) Et *logo que* a meeziña foy entrando et deçendendo por la voca et por la gargãta ajuso, [...] comecarõ *logo* a leyxar aquel color et tornar negros, (HT 32: 33-6)

Sorprende que os oitos exemplos de *logo que* dos MS aparezan concentrados na parte final, en concreto nos folios do manuscrito 51r, 51v, 52v, 53r (2), 54r, 62r e 63v, sobre todo porque os especialistas apuntan, alén do carácter pouco coidadoso, a máis que probable auto-

ría múltiple da obra. Así para R. Lorenzo puideron ser tres copistas diferentes os que interviñeron na mesma (cfr. R. Lorenzo 1993a: 461). Impórtame especialmente comental-a opinión que ó respecto ten X. M<sup>a</sup> Gómez Clemente<sup>25</sup>. Segundo este investigador o manuscrito en que se conserva MS está integrado por cinco cadernos distintos, compostos cada un dos dous primeiros por dez bifolios e cada un dos tres restantes por cinco. O último, que é o que nos interesa neste momento, inclúe a Epifanía e a Asunción e comeza, casualmente (?), no folio do manuscrito 51r e vai ata 54v e dende 61r ata a fin (páxinas 214-34 da edición de Pensado). O propio X. M<sup>a</sup> Gómez confirma que este caderno é, dos cinco, o que menos ou ningunha relación ten cos precedentes e, xa que logo, o que pode diverxer máis do resto en canto á súa procedencia<sup>26</sup>. Consonte esta idea ¿pode derivarse algunha conclusión relevante desta presenza de *logo que*? Para que a argumentación conte co maior número de datos reproduzo a situación dos nexos temporais en cada unha das tres posibles grandes partes consideradas que son, respectivamente, os tres primeiros cadernos (MS1), o cuarto caderno (MS2) e o quinto e último (MS3). Os resultados recóllolos no cadro seguinte:

CADRO 3

	<i>Quando</i>	<i>Pois</i>	<i>Pois que</i>	<i>Despois que</i>	<i>Ata que</i>	<i>Desque</i>	<i>Ante que</i>	<i>Mentre</i>	<i>Como</i>	<i>Cada que</i>	<i>Tanto que</i>	<i>En quanto</i>	<i>Logo que</i>
MS1	37,7%	0,6%	13%	15,6%	5,3%	17,6%	3,9%	0,6%	0,6%	0,6%	0,6%	3,9%	
MS2	41,4%		8,6%	6,9%	6,9%	25,9%	5,2%				3,4%	1,7%	
MS3	53,3%		6,4%	12,9%	6,4%	3,2%					4,9%		12,9%

A proporción de texto que se inclúe en cada unha das tres partes, sobre cen, é respectivamente de 68-20-12. Isto, de ser unha obra homoxénea, faría esperable unha distribución máis ou menos semellante no número de nexos temporais. Sen embargo a proporción con que aparecen ó longo das tres seccións consideradas os conectadores de tempo é de, 56-21-23 (respectivamente para MS1, MS2 e MS3). Daquela, vemos que é precisamente o quinto caderno o que, proporcionalmente, conta con maior número de nexos temporais por cantidade de texto. Este dato en si mesmo pouco pode significar, necesita outro tipo de apoios para que non pensemos só nunha variación xustificada, por exemplo, pola (im)permeabilidade do contido da mensaxe ó valor temporal. En MS1 hai doce conectadores temporais distintos mentres que oito son os que aparecen tanto en MS2 coma en MS3. As catro formas (*pois*, *mentre*, *como* e *cada que*) que só se rexistran en MS1 fano tendo moi pouca presenza (con cadansúa aparición), pero non é menos certo que entre elas teñen en común máis do que poida semellar: tres delas con conxuncións ‘simples’, unha que nunca tivo unha presenza

<sup>25</sup> Quen en comunicación persoal me expuxo a hipótese que defende na súa Tese de Doutoramento, aínda inédita, *O manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid: “Miragres de Santiago”*.

<sup>26</sup> O cuarto caderno tamén se diferencia considerablemente dos tres primeiros.

nin sequera mínima (*como*) e outras (*pois e mentre*) que, xuntamente con *cada que* rexistraron ó longo dos séculos medievais un claro retroceso no seu uso. Pero hai máis datos. *En quanto* é a outra locución que, presente nos textos galegos dende o s. XIII, aparece tamén en MS1 e MS2 pero non se documenta en MS3. Lembremos que precisamente os exemplos anteriores de *en quanto* constitúen o 87,5% dos que rexistrei no s. XV (cfr. coa información que se ofrece máis abaixo para *en quanto*).

Soamente hai unha locución que si posúe MS3 e que non se rexistra nin en MS1 nin en MS2: *logo que*. Esta locución conxuntiva supón en MS3 algo máis da décima parte dos conectadores temporais (de observármola distribución en relación ós MS ó completo a porcentaxe sitúase ó redor do 3%). A maior diferenza cuantitativa prodúcese con *quando*: ocupa o primeiro lugar absoluto nos tres grupos pero, mentres no primeiro caso non alcanza as dúas quintas partes do total, en MS3 supera a metade dos exemplos (son case quince puntos máis); MS2 pola súa banda está máis próximo dos tres primeiros cadernos ca do último, do que o separan máis de dez puntos. Entre os conectadores temporais prodúcese, tamén, a redución importante en MS3 de (*pois que* a menos da metade dos presentes en MS1, así como o equilibrio -complementario co anterior- de *despois que* entre MS1 e MS3. O último gran desequilibrio prodúcese con *desque* xa que son algo máis de catorce puntos, favorables a MS1, os que o separan de MS3 e son máis de vintedous os que afastan MS2 de MS3. Non debe de estrañar que o oco non cuberto en MS1 pola forma *logo que* na expresión temporal da posterioridade inmediata se vise ocupado por un nexo que marca tamén o valor de posterioridade pero introducindo un punto de referencia.

Á vista das escollas sistemáticas elixidas e a falta doutros estudos que afonden con exhaustividade nunha caracterización lingüística completa dos MS, creo que si podemos soste-la diferente filiación lingüística, polo menos, do quinto caderno fronte ós demais. Unicamente coa subsidiaridade na investigación doutras características poderemos precisar se estas e outras variantes da lingua de MS3 responden a unha variación cronolóxica (que probablemente situarían a MS1 nunha fase anterior a MS3 como se semella desprender do estudo anterior), a unha variación diatópica do traductor ou a algunha outra diferenza relacionada coas posibles fontes.

Modernamente localizamos esta locución conxuntiva temporal dende o s. XIX:

- (138)-(139) *Logo que se destetou, ll deron-lle outro aloxamento*; (J. M. Pintos (1853), *A Gaita gallega*. Pontevedra, 160: 16-7); e *logo que empecei a falar mandáronme meus padres a escola*, (Roque Grilo Berzas & O Tio Marcos da Portela (1884): "Parrafeo", *O Tio Marcos da Portela* 22, 13-IV-1884, pp. 1-4; p. 1)

#### **ENTRE/ONTRE TANTO QUE / EN TANTO QUE**

Son estas as variantes prepositivas no eido da simultaneidade da locución conxuntiva máis habitual *tanto que*. A primeira, coa preposición *entre* (ou coa variante *ontre*) rexistreira no s. XIV (século este en que se concentran o 90% dos exemplos) e no s. XV. Complementa-

riamente, a forma coa preposición *en* localiceina no s. XIII e mais no XV. Porcentualmente sempre supuxeron unha cantidade mínima de exemplos, pois se no s. XIII (con *en*) os textos galegos recorreron a ela como expresión da temporalidade oracional en menos dun 0'1% dos casos, no século seguinte (con *entre*) duplicou a súa presenza ata acadalo 0,2%, e o mesmo sucedeu no s. XV (con *en* e *entre*) co 0,4%:

- (140)-(143) *Entretãto que* esto durou, el rrey Persses seño de Troya, cõ toda sua caualaría, (CT 312: 5); *Et ontre tãto que* lles este mandado enviou dizer, mandou muy bem guisar suas gêtes, (TCX 339: 17); *En tanto que* as abellas chegaron, ll en un furado da pared' entraron (CSM 211: 35-6); Otrosí seus criados fazían guerra a este caballeiro quanto podían, *en tanto que* estes criados deste arcebispo prenderon dez et seis beneficiados, (CI 45: 30-3)

#### ATA QUE

A preposición árabe *háttà* nesta lingua, dentro do sentido de 'extensión temporal que termina nun punto final absoluto', pode introducir oracións subordinadas adverbiais de tempo (cfr. M. Morera 1999: 85-6). Herdeiras desta situación son as posibilidades constructivas na subordinación temporal que amosa a preposición, xa galega, *ata* en combinación coa conxunción *que* dende as primeiras documentacións do idioma. Na expresión do valor de 'duración ata' substituíu basicamente as conxuncións temporais latinas *dum*, *donec* e *quoad* que, por veces, presentaban na 'principal' algún adverbio como *usque* (M. Bassols 1987, II: 341).

Con presenza ó longo de tódalas etapas consideradas non alcanza unha proporción importante ata a fin do período medieval: do 2% no s. XIII, aumenta ó 7,2% no XIV e alcanza o 18,5% no s. XV. Na PN supón un 3% do total. Coñece o indicativo maioritariamente na subordinada 77% fronte un 23% de subxuntivo. Este último é sempre en COGAM imperfecto e correspóndese na principal con imperfecto de subxuntivo, perfecto de indicativo ou infinitivo. O indicativo na temporal é sempre perfecto que ten na principal, tamén case sempre, perfecto, antepretérito ou copretérito de indicativo.

- (144)-(153) mui gran temp' aquest' usou, ll *atêes que* o proviço ll a fez que se namorou ll do cavaleir', (CSM 59: 48-51); e nom mh-o rrogedes ca o nom farey, ll *ata que* el venha ante mi chorar; (LP 60-2); et primeyramête garneços cõ sedas de bestas, *ata que* buscasse mays em este saber; (GE 16: 19-20); e que ouvera tal sono que sempre depois dormira, ll *ata que* Santa Maria lle disse: (CSM 6: 79-80); E quen caualgar o potro subia mansamente en el et non o moua *ataa que* gise seus panos como conven que fillaria ende custume (TA nº 239, 351: 18-20); e que lle desía e mandava que o non tirase da dita cadea nen mandase soltar *ata que* el conprise de dereito a o dito Vasco Rodrigues, clérigo so penna de des mill maravedis para a camara do dito señor arçobispo. (USC 229-230: 21 e 1-3, 1420); Et d'esto nõ

quedou Neptuno *ata que* pleytejou con elles Leomedon que lles dese a súa filla, Ynfanta Ansiona (HT 13: 3-5); [Lançarot] cavalgou por la montaña *ata que* chegou preto da montaña do castelo, a dúas deitaduras de pedra. (LT 97: 2-4); et por [S]esta Feira Mayor, quando poserō Nostro Señor ãna cruz, prometeu que nõ comese *ata que* o vise rresurgir, et asi o fez. (MS 22: 6-8); et por la escriptura achei o fundamento pra reducir a memoria dos homes quanto duraron certas idades do començo do mundo *ata quo* corpo de Santiago foy tragido a Compostella (CI 32: 7-10)

Os cinco exemplos rexistrados na HS son da forma castellanizada *fasta que*. R. Lorenzo (1995: 677) documenta as variantes: *atra que* no s. XIII e *ta que* e *atees que* no s. XIV.

Inclúo tamén aquí como posibilidade estrutural anecdótica o único exemplo que documentei de *tra en que* e que responde ó esquema ‘preposición+preposición+que’ nas CSM:

- (154) Mai-lo demo, que prazer || non ouv’ en, fez-lle querer || tal ben a un cavaleiro, || que lle non dava lezer, || *tra en que* a foi fazer || que sayu do mōesteiro; (CSM 94: 29-34)

### **TRÔES QUE**

Coma no caso de *trões* as CSM son o único texto medieval en que descubrín algún exemplo de *trões que*, exemplos que supoñen un 0,2% dos conectadores temporais no s. XIII. Non foi, evidentemente, un competidor serio na vertente da delimitación na anterioridade de *ata que* pois neste s. XIII a relación é de nove a un a favor desta última:

- (155)-(157) viveu mui gran tempo, *trões que* un bisp’ y vñeo (CSM 67: 62); por que a dona a[s] çapatas fillass[e], mil || razões lle disse, *troes que* llas fez fillar. (CSM 64: 73-4); E ela ali jazendo fez mui bõa vida || *trões que* ll’ ouve mercee a Sennor conprida || eno mes d’ agosto, (CSM 77: 25-7)

### **DES][QUE**

Rexístrase ó longo de todo o período medieval e sempre movéndose dentro duns valores relativamente elevados. Así, no s. XIII representa o 9% dos conectadores temporais, no s. XIV é o 8,3% e no s. XV o 9,4%. En máis do 90% das oportunidades o verbo da temporal está en modo indicativo case sempre en pretérito (nas tres cuartas partes tamén neste tempo na principal ou en presente de indicativo no resto):

- (158)-(164) muito, lle rogava que per y tornasse, || *des que* el ouvesse fito-los gēollos || ant’ o San Sepulcro e en el beijasse. (CSM 9: 33-5); Vedes camanha perfia || e cousa tan desguisada: || *des que* ora foi casada, || chaman-lhe Dona Maria. || (LP 9-2); et *desque* falesceu a custa por que os soterrauã, lançauanos tras los muros. (MS 42: 3-4); E, par Deus, non é de calar || como foy corõada, || quando seu Fillo a levar || quis, *des que* foy passada || deste mund’ e juntada || con el no ceo,

par a par, (CSM 1: 73-8); Et *desque* forō en Pareyso nō gardarō omādado de Deus, (GE 7: 23); Et *desque* o dito don Afonso o Casto conpreu sua romaria, tornouse para as Esturias para se veer con Carlo o Mano, rey de França. (CI 47: 20-3); Et, *desque* esto ouue feyto et acabado, morreu. (TCX 18:2-3)

J. Huber (1986: 299) detecta dous significados neste nexo temporal: ‘dende que’ e ‘despois que’, pero no único exemplo que fornece, na páxina seguinte [Nunca eu vi, des que fui nado, amor (CA. 286)], non ofrece a equivalencia significativa. En efecto, *des[ ]que* coñece dous valores temporais claramente marcados dependendo do tempo verbal con que se constrúa a subordinada. Naqueles casos en que este é calquera tempo menos o antepretérito composto o sentido temporal sitúase dentro da simultaneidade cunha delimitación inicial; naqueles outros en que o tempo é o antepretérito composto (con pretérito na principal) o sentido é de posterioridade (exemplos 16 e 164). Así a todo a combinación do tempo verbal co aspecto (verbal ou deseñado no estado de cousas oracional) poden facer que a interpretación semántica adopte un ou outro valor. *Desque* documéntase na HS por tres veces. Del di J. A. Souto Cabo: “surge unicamente em trechos dependentes da CE, não podemos contudo descartar a existência real dessa forma na língua do autor” (1996: 477). Non o rexistrei en Sarmiento.

#### CADA QUE

En latín o cuantificador de exhaustividade *quisque*, que -non o esquezamos- é xa un composto de *quis+que*, podía aparecer unido a substantivos temporais como *dies* ou *annus* sen numeral ordinal (con poucos exemplos documentados, cfr. Ch. T. Lewis e Ch. Short, 1989: s. v. *quis-que*). O latín vulgar prefere a forma *cata* para a expresión do sentido distributivo, adaptación da preposición grega *κατά* e así rexístranse exemplos tanto de *cata mane mane* ‘cada mañá’ coma de *cata unum*, neste caso a imitación grega. Meyer-Lübke (na súa *Grammaire des langues romanes*) relaciona *cada que* co esquema ‘preposición+que’ e E. Méndez vincúlala co esquema ‘adverbio+que’ que, coma no caso de *ante que*, tiña tamén orixe preposicional. O problema nesta oportunidade é que *cada* non se documenta nunca en galego medieval nin como preposición nin como adverbio. Na LP e mais nas CSM a distribución dos contextos en que xorde *cada* é a seguinte:

*cada*+substantivo temporal: 35,6% (*dia* 79,7%, *noite* 8,9%, *sabado* 3,8% e, finalmente, con cadanseu par de exemplos *mês*, *ano* e *vez*)

*cada que*: 23%

*cada vez que*: 0,4%

*cada un*: 29,7%

*cada*+substantivo común distinto: 2,7% (*pousada*, *casa*, *monge*, *rosa* e *door*)

*cada*+(h)u: 5,4%

*cada*+substantivo de lugar: 3,2%

R. Lorenzo (1995: 677) data a forma *cada que* nos ss. XIII-XV e di que “luego desaparece”. Afirmar M. Ferreiro desta locución conxuntiva medieval que é “frecuente” (1995: 368, n. 494) e engade “que procede, obviamente, de *cada vez que*” (1995: 368, n. 494). A cronoloxía dos feitos lingüísticos demostra máis ben o contrario por moito que a orde proposta por M. Ferreiro sexa a que facilite unha lectura de *cada* como determinante dun substantivo temporal que, co paso do tempo, se elidiría. Se é certo que xa hai un exemplo de *cada vez que* xa no s. XIII (nas CSM) non é menos verdade que os únicos que rexistrei en toda a fase medieval foron un por cada século (cfr. ademais co que engado máis abaixo a propósito de *cada vez que*). Na listaxe anterior dos contextos en que no s. XIII documentamos *cada* un número importante deles está constituído precisamente polo conector que estamos a comentar. Acabamos de comprobar que o contexto maioritario é aquel en que *cada* vai seguido dun substantivo temporal, pero é precisamente *vez* un dos minoritarios e que se rexistra nun menor número de ocasións.

Creo ademais que a existencia na LP ou nas CSM dunha conxunción como *cada hu* (cfr. máis adiante), e con independencia do valor temporal, locativo ou locativo-temporal, apoia a miña hipótese: isto é, nos inicios do galego escrito (non sei se como capacidade propia ou, sospeito, máis ben como situación herdada dunha fase anterior -non esquezamos que a forma grega orixinaria era preposición-) documéntase a posibilidade de que *cada* precedese unha conxunción (*que* ou *hu*) e adquirise o conxunto o valor distribucional presente no cuantificador. Todo isto, certamente, sen a necesidade de dar por suposta a elisión dalgún elemento nominal<sup>27</sup>.

Tamén inclúe V. García de Diego (1909: 154) entre as expresións de valor conxuntivo *cada que* nas Cántigas medievais co significado de ‘sempre que’. J. Huber (1986: 268 e 299) incorpora, literalmente, a seguinte equivalencia ‘*cada que = cada vez que*’. Como as dúas formas están en cursiva e sen comiñas debemos entender que ambas son, alén de equivalentes, medievais. Sen embargo, á hora de exemplificar, só se cita un exemplo da *Demanda do Santo Graal* de *cada que* e incorpórase entre parénteses e en letra redonda a aclaración ‘=*cada vez que*’ (1986: 300).

Os datos correspondentes ó galego medieval son os seguintes: no s. XIII supón o 1,6% dos conectores temporais, diminúe no s. XIV ata o 0,7% e mantense nunha porcentaxe idéntica no s. XV co 0,6%. Son moi habituais no verbo da subordinada os futuros de subxuntivo. O último exemplo dos textos galegos en que documenta *cada que* R. Lorenzo é dos MS, engade R. Lorenzo “No he recogido ejs. posteriores (pero en cast. llega hasta el XVI: ya la rechaza J. de Valdés *Diál. de la Lengua* 104.7)” (TCX: s.v. *cada*, p. 263)<sup>28</sup>. O documento

<sup>27</sup> Non esquezamos tampouco que, falando das locucións prepositivas X. Varela non documenta no período medieval ningunha locución nin co cuantificador *cada* nin co substantivo *vez*.

<sup>28</sup> Dela di, para o castelán, R. Eberenz “que es una de las conjunciones que en el siglo XVI relevaron a *cada que*” (1982: 322).

máis tardío dos editados por C. de Azevedo Maia (1986: 873) en que se rexistra un exemplo de *cada que* é do ano 1414 (de Lugo). Pola miña banda as documentacións máis serodias que localicei son de mediados do s. XV (por exemplo 169):

- (165)-(170) de foder e foder souber || per vós, que me Deus aparou, || *cada que* per foder, direi || Pater Noster e enmentarei || a alma de quen m' ensinou. (LP 2-1); τ teñades as cafas del fenpre em bõa reuor τ as rrefaçades *cada que* mester for (HGP, 166: 11-2, 1372); Et aqueles que aly veedes estar, batalla acharedes en elles ata dous ãnos *cada que* mester for (HT 130: 22-3); E se o por ventura y firese fillarya o temor espanto qe nunca o perderia *cada qe* oise estropos ou algun Roido (TA nº 240, 395:11-2); correger en esta dita rresposta *cada que* quiser aquilo que para guarda de meu dereyto neçesario e cõprideiro me seja (LN 148-9, 38 e 1-2); et *cada que* vêẽ tẽpestades do eer ou d'onde quer, [...] se ali a el as jentes vã en rromaria et lle fazẽ ofertas [...] son liures d'esto et dos outros cõtrarios, (MS 17: 3-6)

Non quero deixar pasar sen comentario un exemplo que ofrece X. Varela (1992: 257) que, sendo contemporáneo, está relacionado coa estrutura que estou a examinar:

- (171) Á calivera de madame de Saint-Vaast, cos brincos que pegaba a carroza por aquel camiño non usado, caíalle *cada que* sí a peluca. (A. Cunqueiro (1956): *As crónicas do sochantre*. Vigo: Galaxia, p. 33)

Ó cal nós podemos engadir outro do mesmo autor e obra:

- (172) Colleume tan de novas e ñocente aquel paso, que non soupen máis que calar e chorar, e ibame a pasar o máis o día a selva de Auremer, a ouvir pola mañanciña a rula e pola noite o reiseñor, e *cada que* hora ó meu corazón, que me parecía que se me quebraba no peito... (*Ibidem* p. 46)

A propósito do primeiro dos exemplos comenta X. Varela o seguinte:

As locucións adverbiais fixadas pola lingua con valores de contido parellos conteñen en moitos casos o pronome Cada, neste caso observando un distanciamento maior do valor de especificidade. *A súa presenza explícase, non obstante, pola presenza deste valor no esquema cando este aínda non estaba gramaticalizado:* (1992: 257)  
[A cursiva é miña.]

É interesante comprobar que para o máximo especialista no ámbito da cuantificación pronominal en galego (medieval e contemporáneo) a anterior é unha posibilidade que admite, sen excepcionalidade ningunha, o sistema gramatical galego. De igual xeito que *sempre que* (adverbio+conxunción neutra de subordinación) o mecanismo constitutivo forma

*cada que*, no que se mantén o valor temporal que admite o cuantificador *cada*. O proceso constitutivo é máis ou menos o mesmo. Hai que fixarse na base semántica de *cada* e nela están os elementos para formar unha locución temporal. O proceso de formación, pois, non é nada estraño.

Así a todo, o feito de que na fase moderna e, sobre todo contemporánea, non atopase ningún exemplo máis<sup>29</sup>, fóra destes do propio Cunqueiro e nunha única obra, fai que lembre as palabras, repetidas por moitos, a propósito da presenza de arcaísmos na lingua cunqueiriana, e que retomamos aquí da man de M. González (1993: 12):

Para acada-la sensación de distanciamento con respectó ó castelán, recorre con certa frecuencia ó **arcaísmo**, lembremos formas como *garnir* ‘gornecer’, *nascen*, *pascer*, *sob* (preposición que non sempre usa no seu sentido correcto de ‘baixo de’, [...]). Por veces este recurso ó arcaísmo está en consonancia co talante da súa poesía: non esquezamos que Cunqueiro é o principal representante do chamado neotrobadorismo, que se caracteriza como o seu nome indica, por unha imitación da nosa lírica medieval nos temas e nas formas. Isto explica, por exemplo, que Cunqueiro utilice o adverbio *u* complementando a un verbo

Agora ben, tamén é de sobras coñecida a fidelidade cunqueiriana ó galego de Mondoñedo (C. Hermida 1993: 50) cifra en máis dun 80% o uso que fai Cunqueiro dos fenómenos máis importantes caracterizadores no plano fonético-morfolóxico dese galego). A mesma autora apunta que a proporción dos fenómenos lingüísticos alleos á súa fala mindoniense é do 88,26% (1993: 50), porcentaxe moi elevada que xustifica C. Hermida como “diferencialismo fronte ó castelán e da influencia da literatura anterior a el” (1993: 51). Finalmente, X. Varela refírese á obra de Cunqueiro como “obradoiro de experimentación gramatical” (polo menos co posesivo de propiedade plena e mais cos usos especiais de *el*) no que, por diferencialismo co castelán, actúa ampliando ou propagando os contextos de uso ata bordear quer alén, quer aquén, os dominios da gramaticalidade (1993: 68-70).

En conclusión, *cada que* non existe no galego contemporáneo como locución conxuntiva temporal e coido que os usos modernos como locución adverbial, que só documentei en Cunqueiro, responden ó idiolecto particular deste escritor que, coma ninguén, xogou coas posibilidades que lle ofrecía a gramática do galego (re)creando, a imaxe medieval, unha nova, pero non allea, escolla adverbial no ámbito da distributividade temporal.

A primeira documentación de *cada vez que é* xa do s. XIII, nas CSM hai un único exemplo (175). Ademais de ser completamente inusual este caso concreto vén segmentado

<sup>29</sup> Esta ausencia de documentacións reais contrasta coa presenza que documentei de *cada que*, sempre s. v. *cada*, no *Diccionario gallego-castellano* da R.A.G. (A Coruña, 1913-1928), no *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1972<sup>a</sup>) e mais no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González (Vigo, 1958-1961). En ningún caso se ofrecen exemplos para ilustra-lo uso desta locución.

en posición de rima e, así, *cada vez* finalizan un verso e *que* comeza o seguinte. Aínda que nas CSM sexa relativamente frecuente o recurso ó encabalgamento entre versos, non rexistrei exemplos de ningún que separese a conxunción *que* dos elementos que se sitúan á súa esquerda nas locucións conxuntivas de tempo, a excepción da única ocasión que localicei no s. XIII de *mentre que* (184) e mais, precisamente, de *cada vez que*. De lle engadirmos a isto que mesmo hoxe en día non estamos diante dunha locución completamente cohesionada (cfr. Pavón Lucero 1999: 640), como así o amosa o feito de que é posible coordinar dúas oracións introducidas por *que*<sup>30</sup>, coido que é preferible propormos nesta oportunidade unha análise separada entre o determinante e o núcleo e o modificador, daquela relativo. Tampouco podemos esquecer que nas propias CSM, ou na LP (176) se documenta a frase temporal *cada vez* (177) -cfr. co dito parágrafo atrás- aínda que o máis habitual é que as frases temporais sexan ‘unha vez’, ‘esa vez’, ‘aquela vez’, ‘outra vez’, etc.:

- (175)-(177) e como roga por nos *cada vez* || *que* pecamos, por nos salvar de pran. (CSM 240: 26-7); e *cada vez* mi foy peor; (LP 97-43); Começou tan feramente e engrossar *cada vez*, (CSM 313: 26)

No período medieval documentamos cadanseu novo exemplo no s. XIV e mais no XV (LN):

- (178) et *cada vez que* vyña da caça et doutra cousa aque fosse traballaua quanto podia de aprender os saberes et averlos por escrito; (GE 248: 17-9)

Unha das dúas documentacións do substantivo *ves* en LN insírese na construción temporal que estamos a analizar, precedido ademais da preposición *por*:

- (179) seysçentos *morauidís* vellos que sobre sy outorgarõ peytar e pagar a seu señor Sueyro Gomes, qualque(e)r que o dito seguro quebrãtar, *por cada ves que* o quebrãtar; (LN 107: 11-13)

O cuantificador de exhaustividade *cada* intervén no proceso de coordinación con *quando* tanto na súa forma máis esperable, *cada que*, coma na máis estraña e reducida *cada*.

<sup>30</sup> Aínda que temos exemplos como (173), sen repetición da conxunción *que*, son posibles tamén exemplos coma (174):

- (173) se *cada vez que* el pensar en min, súa mamá, e me pedir consello fronte o nemigo, as sete cobras de Ríodonor viñeren na súa axuda; (X. L. Méndez Ferrín (1987): *Bretaña, Esmeraldina*, Vigo: Xerais, p. 52); Así que, de *cada vez que* o asno -ou sexa Lyg- me cubría ou tentaba cubrirme a min -a burra, Eu-, envergoñábame todo por dentro. (*Ibidem*, pp. 227-8)

- (174) e volveréi *cada vez que* me chamen ou *que* a miña concencia mo pida... (Eduardo Blanco Amor (1972): *Xente ao lonxe*. Vigo: Galaxia, p. 174)

Do primeiro caso rexístranse varios exemplos, do segundo soamente coñezo dous, sempre no LN (de mediados do s. XV):

- (180)-(182) *Item* diso que *cada e quando* fose rrequirido que lle partería e apearía e estremaría a herdade de Njne (LN 181: 3-4); et andaua por lo solo *quando et cada que* quería (HT 30: 28-9); et em aquilo folgou toda via *quando et cada que* selle guisou. (GE 20: 9-10)

### **MENTRE[S] QUE**

Proporcionalmente en relación ó total de nexos temporais, *mentre[s] que* quedou sempre nos chanzos inferiores entre os conectadores menos empregados. Documentase xa dende o s. XIII pero nel supón un 0,03% dos nexos temporais, no s. XIV sobe ata un 0,8% e non o rexistrei no s. XV. A media da etapa medieval sitúa o seu uso no 0,5%. Como locución conxuntiva propia da simultaneidade, ata onde chega a información dos textos manexados, non foi nunca competidora directa de *mentre e*, xa non digamos, da conxunción prototípica para a simultaneidade (*quando*).

- (183)-(185) e *mentre* ll *que* o mancebo se guisava, levantou-[s]' o muu sño e foi pera a eigreja. (CSM 228: 2-3); Et *mentre que* aquelas molleres esto faziã aSarra Deus noso señor embargou aFaraõ cõ moytos pleitos de seu pouoó quelle aconteçerom em aquela sazõ, (GE 174: 28-30); *Mentre que* as trégoas durarõ, Palomades, que era moyto entendudo, perçebíase moy bẽ de tódaslas cousas que lle mester faziã. (CT 486-7: 25 e 1)

Desta locución conxuntiva rexístranse variantes coas preposicións *de* e *en*. *Dementre que*, completamente excepcional ó longo de toda a Idade Media, recóllea por exemplo R. Lorenzo (1995: 677) e dátaa nos s. XIII-XIV. *Enmentre*, *enmentre que* e *ementre que* son tamén posibilidades que ofrecen os textos galegos medievais entre os séculos XIII-XIV (cfr. R. Lorenzo 1995: 677):

- (186)-(189) Et fezo esta corredura el rey dõ Garçia *dementre que* o cõde era ydo al rey de Leõ, (TCX 144: 16-7); Et *enmẽtre que* el foy viuuo manteue muy bem seu rreyno cõ recado. (TCX 50: 6-7); *Enmẽtre que* este pleito assý duraua, el rrey Artelaus et el rrey Protenor arribarõ, et tomarõ porto, (CT 309: 19-20); et o guardaría et honrraría *enmentre* uiuese. (CT 730: 14)

Para a identificación da estrutura desta locución como ‘conxunción+*que*’, ademais de todo o dito para *mentre[s]* e do que engadiremos a seguir, cfr. con E. Méndez 1990: 669 e 677-8.

Páxinas atrás subscribín a hipótese dos que ven no romance *mentre[s]* unha forma herdeira directa de *duminterim*. Os mesmos autores que citei daquela cren que probablemente

ocorreu o mesmo coa opción analítica, quer como resultado da confusión de dúas construcións serodias como *dum interim* e *interim quod* (Herman 1963: 208-9), quer como creación analóxica paralela a outras locucións (adverbio+*ke*, preposición+*ke* ou conxunción+*ke*) a través da forma *duminterim-ke* (Dardel 1983: 81-2), da cal proviría o galego medieval *mentre[s] que*, que non sería, daquela, unha creación romance regresiva. Agora ben, no caso galego esta hipótese conta cun problema: a alternancia entre as dúas escollas constructivas. Dela di C. de Azevedo Maia que “houve, no antigo galego-português, oscilação entre a construção *mentre+verbo* ou *mentre que+verbo*” (1986: 875). ¿En que termos (im)precisos se deu esa oscilación? No s. XIII a proporción entre a forma simple e a complexa é favorable á primeira en máis dun 95%. A tendencia no século seguinte diminúe esta desproporción e así a forma con *que* xa alcanzou a terceira parte das aparicións, pero así a todo o equilibrio entrámbalas opcións conectadoras non se debeu de consumir na fase medieval porque aínda no s. XV os poucos exemplos que rexistrei son todos de *mentres*. O mesmo sucede cos dous exemplos que se rexistran na HS e que tamén son da forma simple. Cfr. para (183) o que comentei (*cada vez que*) a propósito do encabalgamento.

### 2.2.2. Con *quando*

#### *ATA QUANDO*

Esta é unha elección locucional sintética paralela a *ata que* coa cal comparte o valor na delimitación temporal final. Non transcendeu os lindeiros do s. XIII e mesmo neste século sempre estivo a moita distancia de *ata que*. Así, na LP a proporción entrámbalas opcións conectadoras temporais sitúa a *ata quando* ó redor do 6% mentres, nas CSM, hai algún exemplo illado que non alcanza o 3% en relación á escolla maioritaria *ata que*<sup>31</sup>:

(190)-(191) e porenð un ome bõ lles disse que sse tevensen ll de faze-la *ata quando* de Deus tal sinal ouvessen (CSM 309: 27-8); “[...] e endurar-mi-os ei ll *ata quand(o)* ar venhades.” (LP 13-1)

#### *DES QUANDO*

Locución conxuntiva que, coma a precedente, só localicei no s. XIII (tanto na LP coma nas CSM). W. Mettmann no glosario das CSM faíno equivaler a ‘dende que’ e a ‘despois que, logo que’. Os exemplos que inclúe nun e noutro grupo son de 192 a 196 e de 197 a 200, respectivamente:

(192)-(200) “non sospeitedes de mi, ll que vos niun torto faço nen fiz *des quando* vos vi.” (CSM 84: 31-32); mais en meogo dun chãõ, ll u lidaron ben *des quando*

<sup>31</sup> Nas súas variantes *ata que*, *ta que*, *atēen que* ou *atēes*.

começara o serão || e u sse matar cuidavan, (CSM 198: 21-3); E el lles contou enton qual vida mantevera || *des quand'* en aquel' ermida a morar vëera; (CSM 95: 71-2); ca outro ben senon vos non ei eu || nen ouve nunca *des quando* naçi. (CSM 402: 15-6); *Des quand'* aquest' ouve dito, ao can ss' arremeteu || por darlle con hũa pedra; (CSM 286: 35-6); *Des quando* o monge do leon foi quito, || que, marcar se fora, non perdera medo || del, a pouca d'ora un ladron maldito, || que romeus roubava, diss' aos seus quedo: (CSM 9: 87-90); *Des quand'* aquest' ouve dito, sã do leito s'ergeu, || que non foi mudo nen sordo, mas comeu log' e beveu. (CSM 269: 51-2); *Des quand'* aquest' ouve dito, apareceu-ll' a Reynna || dos ceos con gran conpanna d' angeos que sigo tñia, (CSM 301: 25-6); Senhor fremosa, *des quando* vus vy || senpr' eu punhei de me guardar que non || soubessem qual coyta no coraçõ || por vós sempr' ou[v]', (LP 3-7)

Á vista dos exemplos anteriores advírtese que se tenta establecer unha división entre *des quando* como conector temporal de posterioridade cos do primeiro grupo e *des quando* como conector temporal delimitativo inicial nos do segundo -neste grupo, ó ofrecerse a traducción 'despois que' e 'logo que' neutralízase a posible oposición dentro da posterioridade entre 'mediata' do primeiro e 'inmediata' do segundo-. A inclusión dentro da temporal dun tempo composto (197 a 200) é o criterio que permite a oposición entre un e outro grupo (cfr. co comentado a propósito de *des[ ]que*).

Non rexistrei esta locución temporal fóra do s. XIII. O que si hai son estruturas relativas con *de quando* con antecedente temporal, sobre todo *día* e *ano*, coma en (201):

(201) Andados quinze ãos et seys dias *de quando* omũdo fora criado, (GE 9: 4)

### 2.2.3. Con como

#### *Así como*

O valor deste nexa mercé á equivalencia "progresión paralela de dúas accións" está para E. Méndez García nas orixes do paso dos valores modais de *así como* ós temporais (1995: 102-3). Os poucos exemplos que documentamos son basicamente do s. XIV (século en que supón o 0,5% das estruturas temporais) porque no s. XIII unicamente aparece de xeito residual (0,03%). A competencia da estrutura *así como* modal ou comparativa era moi forte para permitir que a interpretación temporal se desenvolvese, ó que lle hai que engadir que ese oco significativo xa estaba perfectamente cuberto con *quando*.

Dos exemplos de *así como* rexistrados en COGAM o valor modal está presente en algo máis do 90% deles e o temporal queda reducido aínda non ó 4%. En consecuencia está clara a preferencia do valor modal sobre o temporal. Xa sinaléi no seu momento (cfr. *como*) que no s. XV non documentei ningún *así como* temporal (a pesar da relativa abundancia do valor modal ou comparativo):

(202)-(206) *Ca assi como* lles davan lançadas pelos costados, ll per cada hũa ferida sayan grandes bocados ll daquel cervo que comeran; (CSM 277: 41-3); *Ca assi como* dos ceos deceu e que foi fillar ll carne da Virgen mui santa por sse nos ben amostrar ll de com' era Deus e ome, esto non é de negar, (CSM 208: 5-7); ca eu ben creo que as naues nõ ou[u]eran cõtrasta, nẽ outro embargo, qual agora auerán, se elas logo chegarã dereytament aa vila, *assy cõmo* aportarõ. (CT 306: 11-2); Et *assy cõmo* esto ouuo dito, leixarõ todos os caualos correr alý hu estaua el rrey Fión. (CT 346 5-6); *Asy cõmo* arribarõ, Jaason et os gregos desçenderõ dos navios para seyr a terra, (HT 20: 27-8)

Por veces a interpretación entre un valor e outro é difícil: en 207 se a oración de *así como* vai con *osmando* é modal, se acompaña a *tornouse* é temporal equivalente a 'ó que':

(207) Lamec fezo aly mays, et apalpando et osmando *asy cõmo* podu tornouse pera sua casa. (GE 22: 10-2)

### **LOGO COMO**

Estamos novamente diante dunha posibilidade locucional explotada de xeito incipiente na fase medieval. Os primeiros exemplos de que teño noticia son da primeira metade do s. XIV. Nin no s. XIII -probablemente normal- nin no XV -máis estraño- documentei ningún. Concordo coa opinión manifestada por E. Méndez (1995: 106) no sentido de interpretar esta escolla nexual como unha combinación entre a estrutura *logo que* (xa dende o s. XIII) e o *como* temporal (con seguridade dende o s. XIV). O habitual é a anteposición da subordinada temporal con *logo como* pero tamén hai casos de posposición (210):

(208)-(211) et, *logo cõmo* se uirõ, coñoscérõse, (CT 482: 14); Et, *logo cõmo* esto ouue dicto, tomou hũa sortella d'ouro, (TCX 201: 26); Onde diso Eua *logo cõmo* ho vio, *asy cõmo* conta ño quarto capitulo do genesis: (GE 9: 22-3); mays *logo cõmo* se virõ ño cãpo de anbas las partes, derõ se a correr moy forte os (hũus) cõtra os outros moy brauamente, (HT 187: 33-4)

Por veces con inclusión correlativa do adverbio *logo* na principal:

(212)-(213) Et *logo cõmo* estas palauras et oraçõ acabara Ysáac, et se fora pera fora Jacob, *logo* entrou Esau (GE 282: 5-6); Et *logo cõmo* aquela agya estaua queda en seu lugar et o rrapazillo tomaua sua pelota ña mão et estaua quedo, *logo* a ymagẽe lançaua flores nouas et de mellor olor que as outras (HT 196-7: 43 e 1-2)

É interesante constatar que na HS hai dous exemplos desta locución conxuntiva aínda que J. A. Souto Cabo só inclúa como tal o primeiro:

(214)-(215) E *logo como* naceu fe virō grādef marauillaf; (HS 81: 5-6); *Logo, como* finou Hispan, foe coronado por rey Pirruf, home de Yberia. (HS 63: 6-7)

J. A. Souto Cabo comenta a propósito de (214) o mesmo que indicou para *como* con valor temporal (cfr. *supra*), isto é, que esta é unha forma traducida do orixinal castelán e que por iso mesmo non debe de pertencer ó código idiomático galego do autor. A nosa opinión ó respecto coincide coa manifestada en *como*: se xa se documenta este valor en galego (repetimos, dende o s. XIV), por moi esporádico que sexa, cremos que é preferible interpreta-lo mantemento da forma na traducción por existir esta na lingua de chegada (coa seguridade, relativa, que dá a perdurabilidade da mesma ata o presente).

Aínda que carezamos de argumentos definitivos para propoñer para (215) a mesma lectura que a de (214) cremos que a equivalencia con ‘logo que’ é clara, alén do indicado no parágrafo precedente. Co paso do tempo *logo como* vaise converter nun dos poucos nexos temporais con *como* na súa estrutura que se mantiveron no estado actual da lingua.

As seguintes documentacións que rexistrei sitúan esta locución xa a finais do s. XIX pero sempre coa forma *tan logo como*:

(216)-(218) *Tan logo como* a Reina Rexente entre n-o sexto mes d’embarazo, sairá de Tortosa en direucion â Córte unha certa riliquia d’o Santo Cíngalo de Maria, (“Lérias”, *O Galiciano* 71, 23-I-1886); *Tan logo como* eu poida xuntar tres pesetiñas hei mercar medía ducia de catecismos (“Lérias”, *O Novo Galiciano* 21, 6-I-1889); Pois que *tan logo como* se le, pode-se merendar, porque en vez de papel usa-se unha pasta comestible e chiculture por tinta. (*A Monteiro* 1, 5-X-1889, p. 7),

formas idénticas ás que rexistramos xa no s. XX:

(219)-(220) dispúxo-se a falar-lle prontamente ll aporveitando, pra eso, dilixente, ll a acaseón que millor se presentara ll *tan logo como* co’ela se atopara. (X. Pla (1917): *A tola de Covas*. Madrid: *La Itálica*, p. 34); -*Tan logo como* te ergas, lava-te ben lavadiño (A. Fole (1955): *Terra Brava. Contos da solaina*. Vigo: Galaxia, p. 87)

#### 2.2.4. Con U

##### *TRA U, TRÔES U*

Hai algún exemplo illado nas CSM coa variante da preposición de orixe árabe *tra*. Incluímos tamén aquí a forma illada *trões u*. Dende logo coa alta rendibilidade amosada pola locución temporal *ata que* xa dende o s. XIII non ten sentido que a lingua habilite con idéntico contido outra formada sobre *u* que, lembremos, só foi relativamente productivo no eido temporal no s. XIII:

(221)-(222) ca falcon, *tra u* se farte || da caça que á fil[]ada, con medo que o enarte || o que o trage en toller-lla, punna d' aver seus sabores (CSM 366: 61-3); Theophilo dessa vez || chorou tant' e non fez al, || *trões u* a que de prez || todas outras donas val, || ao demo mais ca pez || negro do fog' infernal || a carta trager-lle fez, (CSM 3: 43-9)

### **DES U**

Posibilidade que permitía a gramática medieval do galego pero que só localicei no s. XIII en dous exemplos illados:

(223)-(224) Non fez Deus par a deseio tan grande || nen a qual coita sofre[re]y, *des u* me || partir de vos; (LP 30-23); *Des u* vos vós fordes, i al non é || por Deus, amigo, mais eu que farei? (LP 150-5M)

### **DU / D'U**

Inclúeo xa García de Diego (1909: 153) pero facéndoo derivar erroneamente de *dum*> ant. *du*. J. Huber, alén de se referir á conxunción *du* proporciona un exemplo da lírica profana: “Oí ña pastor cantar, *du* cavalgaba per ña ribeira (CV. 454)” (1986: 301). R. Lorenzo no glosario da TCX (s. v. *du*) aclara que é unha contracción da preposición *de* con *u*[<*ubi*]. Con algúns dos poucos exemplos que documentei poderíamos ter tamén unha lectura locativa. A posible lectura temporal só se dá inequivocamente nun 0,1% das temporais no s. XIII e no 0,06% no s. XIV:

(225)-(227) Oí og' eu ña pastor cantar || *du* cavalgaba per ña ribeira, (LP 14-9); O ben que perdeu Eva || *du* perdeu parayso, || cobrou Santa Maria || pelo seu mui bon siso. (CSM 320: 19-22); *Du* o pecador promete de seer amigo de Deus || e se partir de pecado e enmendar tortos seus || e o non compr', e perdudo, segun conta San Mateus; (CSM 155: 7-9)

A proporción entre o uso locativo e o temporal é claramente favorable ó primeiro pois aínda non un 5% (incluíndo tanto *du* coma *d'u*) presenta o segundo deles.

### **LOGO U**

A escasísima presenza desta combinación en galego e en castelán medievais fai que Elena Méndez (1995: 118-9) para esta segunda lingua dubide da adscripción ben ó terreo conxuntivo ben ó relativo de *u* que, nesta segunda hipótese, viría precedido dun adverbio:

(228) E *logo hu m'* eu de vós partir, || morrerey, se mi Deus non val. (LP 50-11)

**CADA U**

*Cada* xúntase ó adverbio de lugar *u* e así aparece nos textos xa no s. XIII. O valor que lle identificamos practicamente sempre a *cada u* é o locativo equivalente a ‘onde queira que’ (229). Aínda que non localicei ningunha oración que soamente admitise unha lectura temporal hai exemplos coma (230), (231) ou mesmo (232) que admiten, a carón dunha lectura locativa, unha lectura temporal equivalendo a ‘sempre que, cada vez que’. Proba desta vacilación témola no glosario de W. Mettmann para as CSM a propósito do exemplo (230): mentres na entrada de *u* o inclúe nunha acepción na que establece a equivalencia *cada u* = ‘sempre que’, *sub voce cada* faino equivaler a ‘onde quer que sexa’:

- (229)-(232) Esta ama cuj’ é Joham Coelho, || per bõas manhas que soub’ aprender, || *cada hu* for achará bon conselho, (LP 43-4); ena eigreja da Madre de Deus, a que muito praz || con nosso ben e acorre-nos *cada u* é mester. (CSM 176: 12-3); e en aquesto era tan leal, || que *cada u* viia seu altar [...] || Agẽollava-sse, dizend’ assi, (CSM 404: 27-9): Amor, a ti me ven[h]’ ora queixar || de mha senhor, que te faz enviar || *cada hu* dormho sempre m’ espertar || e faz-me de gran coyta sofredor. (LP 38-1)

O importante destes exemplos é que axudan a identificar unha nova posibilidade compositiva galega: a adxunción de *cada* a conxuncións como (*h*)*u* ou *que*. Coma no caso de *cada que* nas CSM localizamos un exemplo coa estrutura *cada logar u*, en que *u* é un relativo de lugar con antecedente expreso, *logar*. Cfr. co dito para *cada vez que*. A distribución completa para as CSM e a LP de *cada* seguido dunha referencia locativa, ou locativo / temporal no caso de *cada (h)u*, é a seguinte:

*cada*+substantivo de lugar: *logar* (3), *parte* (2) e *lado* (1)

*cada logar u* (1)

*cada u* (7) / *cada hu* (5)

Como para *cada vez que*, xa que a proporción de exemplos é igualmente significativa (nove de cada dez formas son de *cada u* e aínda non unha de cada dez éo de *cada logar u*), coido que aquí tampouco se debe interpretar *cada u* como o resultado da elisión dun nome, senón como combinación entre cuantificador e conxunción.

**EN[]QUANTO**

Presente xa no s. XIII documéntase ata o s. XV. No primeiro dos séculos abrangue un 3,2% das estruturas temporais, no s. XIV descende un pouco ata o 2,4% e no s. XV continúa baixando ata situarse no 1,6%. Os sete exemplos do LN equivalen a ‘na medida en que’ e posúen un valor modo-causal. En COGAM os exemplos amosan sempre pretérito de indicativo nos dous membros o cal é lóxico se pensamos no sentido temporal do nexo de simultaneidade non delimitadora:

(233)-(236) que, já *en quanto* ll viva, seerá posfaçado. (LP 118-11); e *enquanto* ll ll' el Rey tallou da mortalla, ll disse-l': (CSM 2: 31-3); et mãteuea en paz *en quanto* uiueu. (TCX 4); et non começa de esta door *en qanto* he noua deuelle acorrer ca se enuelleçer fasese sobre osso duro (TA n° 242, 95: 14-6)

MS é a obra do s. XV con máis exemplos, exemplos que supoñen un 2,8% dos conectadores temporais:

(237)-(238) asi nos deuemos a matar nosos pecados, *en quanto* viuermos en este mūdo, fazēdo boas obras por que vaamos a gloria de Deus. (MS 92: 2-4); Et *en quanto* dormia, Rrulan nē outro nō no ousarō de matar, (MS 120: 6-7)

O mesmo Huber (1986: 300) ofrece un exemplo de “*tanto ... quanto*”: “O amor dos maos homēes tanto dura quanto dura o serviço que o homem lhe faz (*Fab.* 56)”; segundo E. Méndez nestes casos a forma *canto* é un relativo e *tanto* é o seu antecedente, sendo difícil “todavía deslindar los valores de ‘cuantificación’ y de ‘tiempo’” (E. Méndez 1995: 112). Os casos máis claros de construcións temporais en que intervén *canto* son aqueles en que, xa sen antecedente, esta forma vai precedida da preposición *en* tal e como acabamos de ver.

### 3. EN CONCLUSIÓN

Adiantamos na introducción que o normal foi sempre falar de ‘exuberancia’ conxuntiva temporal na época actual do galego e, para a fase medieval, a pesar de ofrecer listados de bastantes posibilidades conxuntivas, os comentarios sobre o seu uso, de existiren, sempre foron excesivamente vagos e xenéricos. Á vista dos nosos datos podemos concluír que:

i) Son moitos os nexos temporais de que dispón o galego ó longo do período que vai do s. XIII ó s. XV.

ii) A abundancia de nexos en galego medieval contrasta coa proporción do uso de cada un porque só uns poucos son verdadeiramente rendibles (cinco ou seis), tanto por número de exemplos coma pola extensión en distintos séculos.

iii) Sempre están cubertos os contidos temporais básicos a través de, cando menos, un conectador temporal frecuente: *quando* para a simultaneidade, *pois que* primeiro e tamén *de[s]pois que* no s. XV para a posterioridade, *ante que* para a anterioridade e, para a referencia delimitativa, anterior e posterior, *ata que* e *des[ ]que*.

iv) Hai distintas eleccións estruturais na formación de novos nexos que, ademais da extensión dalgúns valores que permiten a aparición de novas opcións sintéticas temporais, subliñan a importancia da expresión analítica, cousa que xa se viña facendo dende o propio latín vulgar.

v) O galego medieval amósase impermeable nas locucións conxuntivas temporais á combinatoria ‘adxectivo+preposición+conxunción’<sup>32</sup>. O recurso á composición conxuntiva, isto é, o que orixina locucións, sitúa na marxe da dereita, excepcionalmente, conxuncións temporais xa existentes ou, na meirande parte das ocasións, a conxunción subordinante por excelencia, *que*.

vi) É a conxunción *quando* coa súa monovalencia temporal, practicamente sempre conxunción temporal, e a súa ductilidade para admitir diversos contextos temporais e aspectuais, do verbo ou dos seus complementos, que van dende a anterioridade á posterioridade pasando e centrándose, obviamente, na simultaneidade, a gran conxunción temporal da fase medieval (e como tal proseguíu ata a actualidade).

vii) Unha visión comparativa entre a situación medieval e a actual obriga a concluír que, se ben variaban as proporcións e había diferencias nos nexos ‘menores’, tanto os procedementos coma os grandes recursos nexuais permanecen nun e noutro período. Os recursos de formación que se empregaban na etapa medieval mantéñense con escasos cambios ata o galego contemporáneo. Este eido da gramática do galego compórtase de xeito semellante ó que ocorreu no ámbito locucional prepositivo: cfr. *co que*, para o mecanismo da sobreposición, sinala X. Varela: “Como en moitos outros, neste punto a gramática do galego permanece apegada ós principios que xa a gobernaban na Idade Media” (1999: 554).

## Bibliografía

- Álvarez Blanco, R. & H. Monteagudo & X. L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Bassols de Climent, Mariano (1987): *Sintaxis latina*. 2 vols. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. 8ª reimpresión da primeira edición de 1956.
- Bello, María Xesús (1998): “O texto galego da *Crónica General* e o seu traductor”, en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. I. Vigo: Galaxia, pp. 59-69.
- Dardel, R. de (1983): *Esquisse structurale des subordinnants conjonctionnels en roman commun*. Genève: Droz.
- Eberenz, Rolf (1982): “Las conjunciones temporales del español. Esbozo del sistema actual y de la trayectoria histórica en la norma peninsular”, *Boletín de la Real Academia Española*, T. LXII, Cad. CCXXVI, pp. 289-385.
- Ernout, A. & F. Thomas (1972<sup>2</sup>): *Syntaxe latine*. Paris: Klincksieck. 5ª reimpresión da 2ª edición de 1953.
- Ferreiro, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

<sup>32</sup> Cfr., sen embargo, *co que* ocorre coas locucións prepositivas, X. Varela Barreiro 1999.

- García de Diego, V. (1909): *Elementos de Gramática histórica gallega. (Fonética-Morfología)*. Burgos: Imp. y Lib. de los hijos de Santiago Rodríguez.
- González González, M. (1993): “Introducción”, en *Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 11-3.
- Herman, J. (1963): *La formation du système roman des conjonctions de subordination*. Berlin: Akademie-Verlag.
- Hermida, Carme (1993): “O influxo dialectal na obra de Álvaro Cunqueiro”, en *Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 35-60.
- Huber, Joseph (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian. Trad. de M<sup>a</sup> M. Gouveia Delille do alemán *Altportugiesisches elementarbuch*. Heidelberg: Carl Winters, 1933.
- Lantes Vitureira, Xesús (1993): *As completivas substantivas nexuais en galego*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Inédita.
- Lewis, Charlton T. & Charles Short (1989): *A Latin Dictionary*. Oxford: Oxford University Press. Primeira edición de 1879.
- López Martínez, M<sup>a</sup> Sol (1991): *O complemento directo con preposición a en galego*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Inédita.
- Lorenzo, Ramón (1993a): “*Miragres de Santiago*”, en Giulia Lanciani & Giuseppe Tavani (coords.): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 461-3.
- Lorenzo, Ramón (1993b): “*Geral Estoria*”, en Giulia Lanciani & Giuseppe Tavani (coords.): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 291-3.
- Lorenzo, Ramón (1995): “La koiné gallega”, en Günter Holtus, Michael Metzeltin e Christian Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. II, 2. *Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete vom Mittelalter bis zur Renaissance*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, pp. 649-79.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: I.N.I.C.
- Martín González, M<sup>a</sup> Jesús (1996): “Estudio contrastivo de ciertas expresiones temporales en documentación leonesa y gallego-portuguesa medieval”, en Juan M. Carrasco González e Antonio Viudas Camarasa (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994)*, vol. II. Cáceres: Universidad de Extremadura, pp. 57-65.
- Martínez García, Hortensia (1990): “Del *pues* «temporal» al «causal» y «continuativo»”, en M<sup>a</sup> Ángeles Álvarez Martínez (ed.): *Actas del Congreso de la Sociedad Española de Lingüística. XX Aniversario*, vol. II. Madrid: Gredos, pp. 599-610.

- Méndez García de Paredes, Elena (1990): “Naturaleza gramatical de *que* en algunas locuciones conjuntivas”, en M<sup>a</sup> Ángeles Álvarez Martínez (ed.): *Actas del Congreso de la Sociedad Española de Lingüística. XX Aniversario*, vol. II. Madrid: Gredos, pp. 668-80.
- Méndez García de Paredes, Elena (1995): *Las oraciones temporales en castellano medieval*. Sevilla: Universidade.
- Morera, Marcial (1999): “El arabismo español *hasta*: su evolución formal y semántica”, *Verba* 26, pp. 81-95.
- Moscoso Mato, Eduardo (2000): *Os tempos compostos no galego medieval*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 46 de *Verba*.
- Mosteiro Louzao, M. (1999): *Las conjunciones de causa en castellano medieval. Origen, evolución y otros usos*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 45 de *Verba*.
- Pavón Lucero, M<sup>a</sup> Victoria (1999): “Clases de partículas: preposición, conjunción y adverbio”, en Ignacio Bosque e Violeta Demonte (dirs.): *Gramática Descriptiva de la Lengua Española. I. Sintaxis básica de las clases de palabras*. Madrid: Espasa, pp. 565-655.
- Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega (1996<sup>15</sup>): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Artes Gráficas Vicus.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2001): “Os esquemas causais en galego medieval”, en X. L. Regueira e A. Veiga (eds.): *Da gramática ó diccionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 49 de *Verba*, pp. 225-47.
- Rubio Fernández, Lisardo & Tomás González Rolán (1988): *Nueva gramática latina*. Madrid: Coloquio editorial.
- Salvi, Giampaolo (1996): “L’ordine delle parole nella frase subordinata in galego-portoghese antico”, Ramón Lorenzo e Rosario Alvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 317-33.
- Sarmiento, Fr. M. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Ed. de R. Mariño Paz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. [CGR]
- Silva, Rosa Virgínia Mattos e (1989): *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do Português Arcaico*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Souto Cabo, José António (1996): *A História de Dom Servando. Edição do manuscrito e estudo*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Inédita. [HS]
- Varela Barreiro, Xavier (1992): *Os cuantificadores en galego moderno. A cuantificación pronominal*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de Doutoramento en microficha.
- Varela Barreiro, Xavier (1993): “Álvaro Cunqueiro, experimentador nos dominios gramaticais”, en *Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 61-70.

Varela Barreiro, Xavier (1999): “As locucións prepositivas e a sobrepreposición do galego medieval ó moderno”, en Ana Cristina Macário Lopes e Cristina Martins (eds.): *Actas do XIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Aveiro, 28-30 de Setembro de 1998)*, vol. II. Braga: Associação Portuguesa de Linguística, pp. 545-64.

### Obras medievais citadas

- CI: Carro García, J. (ed.) (1951): *Coronica de Santa Maria de Iria*. Santiago de Compostela: *Cuadernos de Estudios Gallegos* (Anexo V).
- CSM: Alfonso X (1959/1961/1964/1972): *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. (Ed. de Walter Mettmann). Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reimpresión en Vigo: Xerais, 1981, 2 vols.
- CT: Lorenzo, R. (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: RAG/Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.
- GE: Martínez López, R. (ed.) (1963): *General Estoria (Versión gallega del siglo XIV)*. Oviedo: Univ. de Oviedo.
- HGP: Clarinda de Azevedo Maia (1986).
- HT: Parker, K. M. (ed.) (1975): *Historia Troyana*. Santiago de Compostela: CSIC (I.P.S.E.G.).
- LN: Tato Plaza, Fernando R. (ed.) (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LP: Brea López, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.
- LT: Lorenzo Gradín, Pilar & José António Souto Cabo (coords.) (2001): *Livro de Tristán e Livro de Merlin*. Estudio, edición, notas e glosario. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: Santiago de Compostela. [Manexámo-la edición crítica, pp. 87-103.]
- MS: Pensado, J. L. (ed.) (1958): *Miragres de Santiago*. Madrid: RFE (Anexo 68).
- TA: Domínguez Fontela, Juan (ed.) (1938-1939): “*Tratado de Albeitaría* por Jordan Rubio, de Calabria. Prefacio y transcripción crítica por Juan Domínguez Fontela, de la Real Academia de la Historia”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XI, 1938, 238, pp. 302-9; 239, pp. 345-52; 240, pp. 395-402; 241, pp. 451-8; 242, pp. 495-502; 243, pp. 543-50; XII, 1939, 244, pp. 13-20; 245, pp. 93-100; 246, pp. 109-15.
- TCX: Lorenzo, R. (ed.) (1975/1977): *La Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: I.E.O.P.F.
- USC: Lucas Álvarez, M. & M. J. Justo Martín (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo*

*Histórico Universitario (Anos 1237-1537)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.


VFD: Ferro Couselo, X. (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia.

---


## ANEXO

---


**Gráfico 1: S. XIII**



**Gráfico 2: S. XIV**



**Gráfico 3: S. XV**



**Gráfico 4: SS. XIII-XV**

